

# Asperpento

C.P. Campdongo


Pontevedra



ANO 95  
NÚMERO 13




HELENA E TEUCRO VILABOA,  
HISTORIA DE CADA DÍA.  
PONTEVEDRA, Á CABEZA DA  
DESGALEGUIZACIÓN  
PONTEVEDRA, CIDADE DO  
"CLINEX"



RUBÉN TRUJILLO GARCÍA  
RENÉ VALIÑAS JAR



# Sumario



EDUARDO

Helena e Teucro Vilaboa.....	2
Editorial .....	7
Celebrando.	
Magosto.....	9.
Nadal.....	10
Día da Paz.....	13
Entroido.....	15
Os maios.....	20
Novas .....	23
Investigando .....	26
Creando .....	33
Opinando .....	42
Festa das Letras Galegas .....	45
Homenaxe.....	52
Fantaseando .....	53
Entrevistas .....	56
Ecoloxía .....	60
¡Aulas fóral! .....	63
Deportes .....	69
Brincadeiras .....	72

\*\*\*\*\*

Deseño e ilustracións: René Valiñas, Rubén Trujillo, Carolina Rojo,  
Xabier Romero, David Torres, Xosé Pérez e Alberte Bugallo.  
Mesa Redacción: Colectivo Oitavo.  
Colaboración: Departamento de Lingüística.  
Coordinación: Equipo de Normalización Lingüística C. P. Campolongo.

\*\*\*\*\*

Subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística.



# HELENA E TEUCRO

## VILABOIA



VENRES POLA TARDE, NA PEREGRINA.



VOY. LLEVO PRISA.  
HASTA LUEGUIÑO.

¡HOLA, TEUCRO! ¿VAS  
MAÑANA AL PARTIDO?

NUN TALLER.

BUENAS TARDES.

¡HOLA, DOÑA HELENA!  
¿QUE LE PASA AL COCHE? PUES, NO TE SÉ.  
PERO NO FURULA.




SÁBADO POLA MAÑÁ.


¡LÉVEME UNHAS NÉCORAS!  
¡VENA AQUÍ!


¿ESTÁN LLENITAS?

¡ASÍ CEGUE!  
SENON ESTÁN  
A REBENTAR.









# - PERSONAXES -



Eu son TEUCRO,

Casado con Helena. Falo castelán en Pontevedra, na casa e cos amigos. Falo galego cos meus pais na aldea.



Soy EUGENIO,

hijo de Teucro. Tengo 12 años. Sólo tengo contacto con el gallego en la escuela, porque no me gusta ya ir a la aldea. Alguien me llama Uxío y no me gusta.



Eu son a AVOR.

Sinto moito que os meus netos case non me entendan.




Eu son Helena.

Comunicome en castelán en Pontevedra. Os fillos fálolles castelán. Cos sogras falo galego, que tamén sei.



Yo soy JENIFER.

¿Os gusta mi nombre? Yes, Okey. Tengo 8 años y mi mamá es Helena.




Eu son o AVÓ.

¿Por qué falo galego?  
Pois porque é de aquí.

*Teucro* *Avor* *Eugenio* *Helena* *Jennifer* *Avó*

# EDITORIAL



Utilizamos cómic no editorial porque é un medio de expresión que nos mola; disfrutamos léndoos e creándoos. Seleccionámo-la historia de Helena e Teucro Vilaboa porque nos retrata. Entre nós hai moitos "Eugenios" e "Jenifer" que tamén somos monolingües e témo-lo galego como lingua estranxeira, non do rango e categoría do inglés, senón como a lingua montuna que nos queren ocultar. Co título do cómic queremos dicir que a historia é frecuente na antiga Helenes fundada por Teucro, hoxe Pontevedra Boa Vila ou Vilaboa. Mesmo a nosa familia se comporta moitas veces coma os personaxes da banda deseñada. Pais, Helena e Teucro ... no son culpables, senón vítimas da historia que arrastramos. Pero preocupánnos outros temas, os exames e as notas de oitavo. Desde pequenos desexamos chegar a esta meta, que semellaba se-la fin de todo. Pero agora decatámonos de que isto é só o comezo e aínda queda moito por facer.

A partir de agora, vaia un a onde vaia, todo vai cambiar, o colexio, os mestres e os amigos, porque a compañeiros de clase, se cadra, non os volves a ver. Cámbiase de vida totalmente, volveremos ser aqueles nenos pequenos nun colexio novo que queren medrar e se-los maiores outra vez. Pero ¡coidado! aínda temos todo o verán por diante e imos descansar.

Apénanos deixar estas paredes odiadas e queridas a un tempo, onde levamos moitas horas desde case bebés. Procuraremos non chorar publicamente o derradeiro día do curso.

Tamén nos preocupa o consumo de droga e a cantidade de xente moza, case coma nós, que non teñen outra meta que non sexa conseguí-la dose que os engancha e encadea.

Sublévano-la hipocresía que observamos nos maiores, que non predicán co exemplo. E incluso nos molesta que nas campañas electorais prometan tantas cousas e despois fagan tan poucas.

Entristécenos non poder falar dúas linguas con soltura, porque saber dúas é mellor ca saber unha, e comunicarse en tre idiomas mellor ca en dous.

Gustaríanos enche-la nosa fiestra baldeira para recupera-la felicidade dos primeiros anos, como lle pasou a D. Miguel cando abriu a súa fiestra ó mundo do mar e ás vellas amizades. ¿Sería posible encadrar nesa ventá que se nos abre ós 14 anos máis sinceridade, menos conflitos bélicos, menos agresións ó aire, á auga e á terra, que son casa onde temos que vivir?

Máis respecto ás árbores, das que dependemos. Menos beirarrúas e céspedes estercados con excremento de can, menos ofertas á xuventude envoltas en alcohol,

# EDITORIAL





música-ruído, salas de xogo e discotecas; menos atascos e menos coches, menos machismo/feminismo e máis igualdade, menos terrorismo, menos secuestros..., máis paz. Queremos transporte urbano, un campus universitario sen vacas pacendo. Máis deporte e ofertas de diversión que non nos conviryan en ovellas dun rabaño nin en consumistas rendables. Menos lería porque nos doen as neuronas de parir con moita dor esta

cousa tan sesuda que nos encargaron chamada Editorial. Case non nos recoñecemos a nós mesmos, pero cando hai que porse serios tamén sabemos pensar ¿Pedimos demasiado? Pensamos que non, pero necesitamos axuda, somos xoves e o único que temos é ilusión. ¡Axudádenos a conseguir un entorno máis humano e agradable, pero sen vos poñerdes plastas, por favor!

COLECTIVO OITAVO.



PROMOCIÓN 1994-95.



# MAGOSTO

Na miña aldea hai un costume moi vello que é o do "magosto". Tódolos anos polo mes de Santos, o día primeiro celebrámo-lo magosto. Primeiro imos collelas castañas ó souto do tío Bieito, que é un home moi bo, e o máis vello do lugar, e incluso dá gusto falar con el. Despois, na eira da casa do meu padriño facemos unha fogueira, botámolas castañas no lume e, mentres que se fan, xuntámonos todos e pasámolo moi ben. Alí fálase de moitas cousas da aldea: dos traballos, dos mortos. A min isto dáme moito medo e entón marcho cos outros rapaces a xogar ás prendas. Xa estou a desexar que chegue o ano que ven para volver facer outro magosto.

Raquel Viéitez 4º B.

N A D A L



~ O meu coche de Reis

O meu coche de Reis,  
é dun fermoso cor vermello.

O meu coche de Reis,  
é o xaquete que máis quero.

O meu coche de Reis,  
non precisa gasolina.

O meu coche de Reis,  
abóndalle cunha boa pila.



O meu coche de Reis,  
corre pouco costa arriba.

O meu coche de Reis,  
usa como unha andevina.

O meu coche de Reis,  
sendo unha maravilla.

O meu coche de Reis,  
esqueceu falar ascinta.

Deburxo: Laura Gil martinez.  
-2ºA

Texto: Isabel Domínguez  
Seane - 2ºA

# Nadal-agasallos



Estas son as nosas fotos de nadal.  
párvulos de 5 anos.



AS PANXOLIÑAS DE 5ªA

Aquí estamos todifios  
esperando regaliños  
agardando coma sempre  
a eses Magos de Oriente.

Victor Jiménez V.

Cantemos e bailemos  
todos sen parar  
que o Nadal que vemos  
haino que celebrar.

María Gayoso,

Os pastores levan ocas  
e os nenos as zambombas,  
as mulleres como María  
van lavar a ría.

Jorge Domínguez Cordero.

A noite boa xa está aquí  
e o Neno Deus chora xa,  
os pastorciños coas ovellas,  
os suaves ríos a manar...

Paula Velasco Pedrosa.

Eatamos nerviosos polo Nadal  
e cando nos ergamos...  
!Que sorpresa levaremos!  
Non pararemos de xogar.

Saleta Iglesias F.

Cando chega o Nadal  
eu póño-me moi gordiño  
porque sempre cada ano  
como moito turrunciño.

Fco. Javier Centemo.



Ma Angeles Díaz. Ánxela Vidal.

Esta noite será sempre  
gracias ó Neno xeneroso  
festa para toda a xente  
e fará o mundo máis fermoso.

José Luis Fortes.



# DIA DA PAZ

## Declaração dos direitos do nenno no mundo.

1º Direito a ser iguais pero diferentes.

2º Direito a ser protegido nos seus intereses.

3º Direito a ser un mesmo e non outro.

4º Direito á saúde e bienestar.



5º Direito a ser ben integrado segundo a súa necesidade e capacidade.

6º Direito a ser amado, comprendido e aceptado.

7º Direito á educación e o xogo para ser persoa.

8º Direito a ser auxiliado como nenno.

9º Direito a non ser explotado por ningún.

10º Direito á solidariedade con todos os nenos.

## UNHA LOITA POLA PAZ.


Nunha fría madrugada  
nesta patria de Breogán,  
unha loita encarnizada  
baixo a néboa ten lugar.

Agora xorde do silencio  
o guerreiro máis audaz,  
non ten lanza nin espada  
nin tolea por matar.

Olla coa mirada en branco  
o que a loita ocasionou,  
xace o fillo xa entre os mortos,  
non comprende o que pasou.

Desde aquela o pobre home  
loitou sempre pola paz,  
e que ninguén ocasione  
outra morte dun rapaz.

RENÉ VALIÑAS. 8º.



## A NOSA PATRIA.


A nosa patria querida  
érguese moi ferida:  
pola crise e polo paro  
xa non quedan nin centavos,  
pola loita conta E.T.A.,  
pola forza da escopeta,  
e por culpa de Roldán  
xa non queda nin pra pan.

¡A ver cando chega a PAZ!  
fermosa e agradable,  
que asoballe a guerra  
e que sexa duradeira,  
esa paz que ti coñeces,  
esa paz que é tan doce.


FRANCISCO PRADO. 8º

# IRACISMO NON!

PARA QUE O  
MUNDO ESTEA  
FELIZ



# ENTROIDO



Neste ano, no entroido  
disfrazámonos de ananos  
ensinámoslos por toda a escola  
e déronnos puñetazos.

No festival do colexio  
pasámolo moi ben  
cunhas luces parpadeantes  
que non paraban de se mover.

JORGE DOMINGUEZ 5ºA

## RAAVACHOL, DELIRIO COLECTIVO.

Este ano, coma tantos outros, celebrouse en Pontevedra o enterro do loro Ravachol, que vestía nesta ocasión un traxe de toureiro. Miles de pontevedreses cubríronse de loito para acompañalo animal na súa derradeira viaxe, que acabou sendo queimado na praza da Ferrería. Pero isto ven sucedendo desde hai moito tempo; foi polos anos 1910 cando viviu o ilustre personaxe. Pertencía ó boticario D. Perfecto Feijoo, que tiña unha farmacia na esquina da Peregrina. Era alí onde se encontraba Ravachol, que sempre tiña algo que dicir á xente que acudía á botica. Saudaba, insultaba, burlábase... con frases coma estas:

"Se collo a vara... ¡vaite de aí, lambón!  
Tamén avisaba cando alguén viña á tenda: "D.

Perfecto, xente na tenda". É moi natural que se fixese famoso na vila; morreu no 1913 e, coincidindo coas datas do Entroido, un grupo de graciosos organizou un enterro para despedir como merecía o plumífero animal. O mércores de Cinsa realizouse un acto fúnebre no seu honor. Foi enterrado nunha finca de Feijoo en Mourente.

Así, cos anos, esta celebración foi adquirindo popularidade, sobre todo a partir dos anos oitenta, ata converterse nunha das "festas" máis significativas de toda Pontevedra.

O que eu non comprendo ben é como a xente pode divertirse facendo que chora e por que chora de risa cando hai tantas cousas polas que chorar de verdade. ¿Quen quere explicarme a razón deste delirio colectivo?

ESTER RODRÍGUEZ SÁNCHEZ. 7º C.

# DON PERFECTO



## COPLAS DE CARNAVAL.

\*Xa volveu vi-lo Entroido igual ca tódolos anos,  
¿Que maravillosa festa para tódolos paisanos.

\*Do Carnaval deste ano a historia imos contar, das fillosas, das orellas e da xente a desfilar.

\*É a historia dun neno que non cría no Carnaval, sempre soíño na rúa, aburrido, a camiñar.

\* E mentres tanto dun cárcere escapouse un crimiñal; tiña os seus sesenta anos pero logrou escapar.

\*Co seu rutinario traxe, que semellaba un disfraz, polas rúas da cidade co seu lento camiñar.

\*Atopou unha taberna e a sede foi calmar, bebeu un vaso dun grollo, dous, e tres e outro máis.

\*Logo saíu da cantina e volveu a camiñar nas vellas e tristes rúas, paseando o seu pesar.

\*Lembrouse da súa familia e comezou a chorar, tantos anos que perdera na prisión daquel lugar!

\*O neno só e aburrido, xa de noite a camiñar, foi topar co presidiario que o quixo secuestrar.

\*Mais de pronto algo estraño que da sombra apareceu, era un can xigante e fero e ó criminal mordeu.

\*El, ferido e asustado, non volveu aparecer, e o neno, xa a salvo, ó can quixo agradecer.

\*Pero cando o buscou o can alí non estaba: era o chamado rei URCO, que a vida lle salvara.

\*Desde entón no Carnaval, o rapaz cre firmemente, e disfrázase de can, divertindo a toda a xente.

\*E segundo as vellas lendas, cando se fixo maior tivo un loro moi cachondo, que chamaban RAVACHOL.

NOELIA TOURÓN  
LAURA SOUTO 7º C  
LUÍSA SUTIL.






# 😊 NOSO😊 ENTROIDO😊

pallaso

fofo'



LAURA


4 anos



As nosas caretas  
do carnaval son  
bonitas. párvulos



SERGIO 5 anos



María LOR 5 anos


# 😊 NOSO ENTROIDO 😊 😊 😊 😊 😊 😊 😊 😊 😊 😊 😊



Gústanos os disfraces de  
animais.


Párreulos de 5 anos.

J. Manuel




4 anos


Pablo 4 anos



GRRR



disfrax  
de  
gato  
Cocoroco  
4 anos



Eduardo 4 anos



## COPLAS DO ENTROIDO 95.

\*Donas e cabaleiros,  
imos alegres contar  
estas coplas do Entroido,  
a festa máis poular.

\*As orellas e filloas  
debemos saborear,  
son sabrosa lambetada  
pró Entroido comezar.

\*Nesta vila pasan cousas  
difíciles de explicar:  
onde nace o galeguismo,  
todos castelán a falar.

\*Todos estamos contentos  
co noso horario escolar:  
traballamos, progresamos  
e podemos descansar.

\*Haiche en España unha moda  
imposta por Lobatón,  
que pon á xente toliña  
mirando a televisión.

\*Teño unha tele acendida  
e botan Reality-Shows,  
é a familia apenas  
chora enriba do sillón.

\*Na caixa tonta, tontá,  
chamada televisión,  
bombardean día e noite  
con culebróns, culebróns;  
é unha merda, perdón,  
de programación ¿ou non?

\*Chiquito comendo as uvas  
xa no teu televisor,  
este home é un fistro,  
un fistro de pecador.

\*-¿A onde vas, Roldán,  
mangando a todos nós?  
-Eu só quero divertirme  
á conta de todos vós.

\*¿A onde vas, Roldán,  
-pregúntalle o Garzón-  
cando foxes do país,  
forradiño ata os calzóns?

\*O deporte do goberno,  
un mal invento a olvidar:  
cos casos GAL e Roldán  
todos imos enfermar.

\*Mellor é que nos gobernen,  
en vez de tanto cacique,  
Chiquito de la Calzada  
e máis Jesulín de Ubrique.

\*Felipe e máis Asnar  
discuten por gobernar  
un país empobrecido  
que acaban de desfalcar.

\*Do toureiro e da cantante  
a voda ía ser alucinante  
nas portadas de revistas;  
pero a Infanta, ¡normal!  
quitóulle-las entrevistas.

\*Rocío Xurado e máis  
Xosé Ortega Cano  
casaron ben en febreiro  
para ser voda do ano.

\*¡Ai, Clemente, Clemente,  
como cabreas á xente!  
Con Zubi na portería  
non hai ningunha garantía.

\*O Teucro, campión,  
este ano é o mellor.  
E o futbol de Pasarón  
a Segunda División.

\*Ninguén cría que o Teucro  
aí arriba estaría:  
o porteiro para todo,  
como a afección quería.

\*Despois do loñgo desfile,  
a xente empeza a marchar:  
as prazas quedan baleiras.  
agás algúns lacazáns.

\*En Marín é a sardiña,  
en Pontevedra, o Ravachol,  
e todos coa choradiña  
ó irmos ó seu carón.


\*Comemos ben as filloas  
e as orellas das avoas,  
e disfrazados de turco  
despedímonos de Urco.

\*Seis días despois do desfile,  
a Fertería abarrotada.  
Pontevedra viste de loito  
para a cruel queimada.

\*E todos tristes, moi tristes  
marcharon ás súas casas,  
acabáronse ass filloas,  
acabáronse as comparsas.

Alumnas e alumnos de 7º e 8º





## EN PONTEVEDRA

Os maíos de Pontevedra son dos máis coñecidos en Galicia polo seu colorido e a retransmisión das súas coplas. E nembargantes, nos dous últimos séculos a festa dos maíos de Pontevedra precisou o apoio de entusiastas e institucións para que non desaparecesen trala Guerra Civil do 36. As coplas do maio foron practicamente a única manifestación impresa en Lingua Galega. Mesmo en 1940 hai un premio para as mellores coplas en Galego. Unha simple anécdota: na férrea censura franquista.

Aínda que nos anos 40 e 50 a festa conserva vitalidade, a fins dos 60 decae e en 1972 a asociación Amigos da Cultura recupera o curso, para máis adiante e ata hoxe se-lo Concello de Pontevedra o que se fixera cargo da organización.

A estrutura dos maíos de Pontevedra faise con materiais silvestres e de pouco aproveitamento: as laranxas son das bravas, chamadas "laranxas de po"; o fiúncho; os pampillos, as margaridas e mailas rosas son silvestres e medran nas veigas; os ovos son baleibados e soamente se empregan as cascas; as calas e mailas camelias son elementos de incorporación relativamente recente, inda que hoxe por costume xa se consideran tradicionais.


### Historia

O chamado "Ciclo de Maio" comeza a mediados de abril e acaba a mediados de maio. Tódalas cerimoniais que se fan nestes días teñen como fin festexa-la morte de inverno e a chegada da primavera. A orixe destas manifestacións agrarias ou lúdicas é moi escura: Algúns antropólogos e historiadores, buscan as súas primeiras raíces no Paleolítico (os menos) ou no Neolítico (os máis). En Galicia xa desde mediados do século pasado, existen dúas correntes a cerca da orixe dos maíos. Os partidarios do celtismo din que o maio figurativo, que aínda sae actualmente en Pontevedra, non é máis cá representación dun "montiño celta". Os outros afirman que provén de cultos pagáns do mundo grego e romano.

Estas cerimoniais e ritos non son exclusivos de Galicia, pois eran festexados en case tódalas comunidades agrícolas europeas.

Algúns dos cultos que se facían en Galicia son:

Alumea-lo pan.- A medianoite do 30 de abril mulleres, homes e nenos saían ós campos prendendo fogueiras.



Bendici-los campos.- O costume é cravar nos campos sementados un ramo de loureiro ou de oliveira bendita do domingo de Ramos.

Poñer ramos.- Nas portas das casas, cortes e agora nos coches, costume que aínda se practica hoxe en día.

Coplas

As coplas do maio deberían estar compostas por estrofas de catro versos con estrutura de romance, isto é, versos octosílabos de rima asonante os pares e libre os impares.

Conteñen críticas a personaxes populares, especialmente ós políticos e ás autoridades locais. A crítica non debe ser directa nin conter palabras mal soantes, na retranscrición está o gusto. As mellores son aquelas que non citan o personaxe criticado, por máis que todos entendañ a quen se refiren. Inda que en moitas ocasións as coplas foron compostas por poetas locais ou personaxes coñecidos, o tradicional é que vaian anónimos e é aconsexable que sexan compostas polos propios participantes na elaboración do maio.

O gañador deste ano foi o "Maio do Campiño de Santa María". Aí van dúas das estrofas que interpretaron:


Neste tempo electoral  
 todos son a prometer  
 pero no noso Campiño  
 "algo"vuelve a florecer.

Non se trata de pampullos  
 nin tampouco clavelinas  
 falamos de certa xente  
 que che ofrece papelinas.

Silvia Blanco, Adriana Díaz, Julia Doval e Ana Castro de 7º A

**- ELABORACIÓN -**

*Javier Pizarro*




ARMAZÓN CON AROS

ARMAZÓN CON CANAS.

CAPA VEXETAL


O MAIO RENATADO



## COPLAS DO MAIO, FLORIDO E ECOLÓXICO.

- Chegou o maio florido, querémolo celebrar dando un repaso urxente ás cousas que hai que cambiar.
- En Pontevedra, cidade, non se pode resistir: a Celulosa cheirenta non podemos destruír.
- Se algún día estás na ría, non se che ocorra beber, pois cos vertidos que botan só poderías morrer.
- No inverno pola ponte do Burgo podes caer, e tal como vai o río ninguén te vai socorrer.
- Se vas bordeando a ría parece un recochineo, pois hai un cartel que di: "ZONA DE MARISQUEO"
- A nosa querida ría xa vai de mal en peor: a industria contamina, marisco e peixe fulmina. Temos unha solución (?): TAFISENCELULOSA non, si, si, si, exportación.
- Ven para Pontevedra, verás a ENCELULOSA que cheira moi ben. ¡Como sofre a saúde nosa!
- De tema non imos cambiar, se é que a Celulosa queremos desterrar: fume comeza a botar e nin porr un segundo para de contaminar.
- O noso río principal está cheo de vasura, arrepiá só de ver cando alguén nel se mergulla.
- Do colexio non falemos, está cheo de vasura, máis parece un vertedeiro ca un centro de cultura.
- O colexio está moi mal: hai grafittis e pintadas, a auga sae con cal, ata hai portas rachadas.
- Ó lado da quinta ponte o Auditorio ben está, pois nel cantarán un día Vladimir, John Balam e Montserrat.
- As rúas están en obras e non as dan rematado, o noso alcalde non sabe ¡que mal o temos pasado!
- Da ponte de Pontevedra inda hai moito que falar, pois din que os piragüistas vanse ter que abaixar.
- Traballando todo o día na nova ponte da ría, e cando estea acabada non servirá para nada.
- A nosa lingua galega non a queren aceptar: encóntranlle algunha péga e non a queren falar.
- De seguir este vieiro, non haberá primaveras. ¡Que razón tiña Cunqueiro cando falaba de veras.


ALUMNAS E ALUMNOS DE 7º B.



\_25.de.marzo.de.1.995

O pasado día 25 de marzo fun coa miña familia ver un acto que empezou ás 12 na Alameda. Había un día de sol radiante, estivo cheo de xente. Un batallón de soldados íase ir cara a Bosnia e como se chama "Batallón Pontevedra" a cidade facíalle entrega dun guión e unha despedida. Estaba o Alcalde da cidade, o Bispo e moita xente importante, leron uns discursos e soaron cancións militares, os soldados desfilaron e todo era moi bonito, a xente de fora aplaudía sen parar.

Mª DEL PILAR CARIDE MIANA, 4º C





## UN INCENDIO DE MENTIRA

O venres, día 19 de maio, estando no colexio, sucedeu que na planta de abaixo, nas aulas de 3º e 4º os bombeiros empezaron a botar fume por debaixo das portas. Os nenos dixéronlle ás súas mestras que había fume na clase, pero, como xa sabían o que pasaba, non lle fixeron caso ata que había tanto fume que non se vía nada. Os rapaces empezaron a saír collidos da man coas mestras diante dirixíndoos.


Cando xa saíran todos, e tocara a serea do recreo, os bombeiros fixeron unha demostración botando a escuma que utilizan para apaga-los incendios.

Aquilo foi unha festa, tódolos rapaces do colexio se botaron á escuma, rebozándose e tirándose uns ós outros.

Ese día foi o mellos de todo o ano.

Félix Manuel - 7º A

Miguel - 7º A



## Recital poético

### Campolongo 31.-

#### Crónica de Laura - Luisa

O día 31 de xaneiro de 1995 o colexio de Campolongo organizou un recital da poesía galega no salón de actos da residencia da terceira idade do noso barrio.

As poesías foron recitadas polo actor Jaime Marín. Algunhas destas poesías foron escritas polos máis grandes representantes da poesía galega:

Xoán Manuel Pintos, Eduardo Pondal, Curros Enriquez, Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Darío Xohán Cabana, Uxío Novoneira, Bernardino Graña, Manuel María...

As impresións foron moi positivas.

Recollemos á saída opinións dos alumnos do colexio:

Leandro comentounos:

"A min persoalmente gustoume moito. O home sabía o recital de memoria. Tendo en conta que non era galego..."

Noteille un amor á patria galega, un amor que por desgracia a metade dos galegos non teñen".

Patricia contounos:

"O recital foi verdadeiramente impresionante. Para min tivo dous características:

A primeira que o actor era catalán e recitaba tan ben en galego, que semellaba mesmo un galego orgulloso da súa terra.

A segunda, foi a de que o aburrimiento non podía entrar porque só ve-lo interese co que recitaba, non atendela daba un non sei que."

Claudia afirmou:

"Gustoume moito, porque o actor, caracterizaba os poemas; e o da idea das diapositivas, estaba ben e o mesmo tempo poñían música galega.

Penso que foi bastante entretido anque moita xente non pensa así".

Paulo :

"O recital estivo moi ben, Xaime recitou fenomenal, aínda que estaba moi nervioso. Entre poema e poema a súa muller poñía diapositivas e música relacionadas co poema. Eu canseime de aplaudir, aínda que o merecía".

Luisa Sutil Barbosa Laura Souto Illobre 8º C

# Crónica de actualidade.

Campolongo. 95. Correspondentes.



Nestes tempos de guerras, crises, tensións... adicamos este espacio a noticias raras, que cada vez van sendo máis habituais. ¿Posibles causas? O estrés, a publicidade, a contaminación, a loucura ou outras deficiencias físicas e psíquicas orixinan casos así:

Vostedes non nos dirán que non hai despistes no mundo.

Pepi Retuerto de Orejón está que trina cun carteiro de Castellón, porque agora se descubriu que o funcionario acumulou miles de cartas sen separar dende 1990.

E resulta que o seu noivo lle cribira dende Villaconejos pedíndolle que casara con él en Xaneiro do 91. E claro, esta carta tan importante, non chegou ás súas mans e Manolo casou con outra e ela meteuse a monxa. Agora el quérese divorciar e ela quita-los hábitos. Outra noticia increíble é esta que demostra que non se pode beber conducindo pois...

Un señor pediu un café en McDonalds e púxoo na entreperna e, ó arrinca-lo coche, caeulle nas partes pudendas que se lle cueimaron. Agora pídelle a McDonalds 250 millóns de ptas. por ter queimado a súa virilidade.

E falando do tema, non se sabe por que, pero uns americanos tiveron un bebé tan fráxil que só con tocarlle rompéronlle os ósos e non poden nin abrazalo, só poden tocarlle a cara. Os médicos esperan que de maior se poida curar e sexa, como a súa irmá xemelga, comple-

tamente sá.


Está visto que os nenos pequenos non poden durmi-la sesta e chorar, pois nun descoido a nai pode acercárselle e botarlle as mans á gorxa.

Pero non todos son anxiños, unha rapaza de 6 anos, estaba xogando cunha Magnum que lle deixara seu avó, pensando que estaba descargada, e a nena, segundo as súas declaracións, quería imitar a Stallone nunha película que vira a noite anterior cos seus pais, e disparoulle ó avó un tiro mortal na gorxa. Pero non todas son noticias malas, por primeira vez na historia unha mona pare trillizos. O malo é que son feos coma demos e naceron con pouco peso. Unha señora vive con 62 gatos nun piso de Alcalá de Henares. Empezou cunha parella de gatos pero...

Recollía gatas preñadas, camadas completas e gatos enfermos, incluso ten unha gata inválida e necesita pañais. Antes tiña 77 gatos pero recentemente morreron 15 ó inxerir algún tóxico na rúa. Mante-los gatos cústalle a Mari Carme 200000 PTAS. ó mes.

E por noticias raras, unha dun neno morcego chamado Mauricio que escapou de Asturias coa filla do científico que o estaba estudiando. E a familia ofrece polo rescate da nena 10.000.000 de ptas.

Leticia Bello Sieiro.  
Claudia L. Bravo Sánchez.



## A BASÍLICA DE SANTA MARÍA A MAIOR

A igrexa de Santa María foi construída no século XIV; EN ESTILO GÓTICO, polo Gremio de Mareantes, en substitución doutra ROMÁNICA e máis pequena.


A fachada da igrexa é obra de Cornelios de Holanda e Xoán Nobre.

Enriba da portada está representada a Asunción da Virxe coas cabezas dos 12 apóstolos. Sobre elas, máis grandes, as dos evangelistas Marcos, Lucas, Xoán e Mateo. Ós lados da porta están San Pedro e San Paulo.

A dereita e esquerda da basílica están: Santa Bárbara, Xeremías, David, Eva; San Xoán Bautista, Abrahám e Adán.

No lateral dereito da igrexa está o Cristo da Boa Viaxe, que foi traído dende Cuba. Di a lenda que salvou a uns navegantes que o traían a Pontevedra, dunha tempestade.

Estamos nesta cidade, os amantes do arte e todos en xeneral moi desgustados co desprendemento de parte do teito da basílica. Estanse a facer estudos do chan e da pedra. ¡Esperamos que teña un bo arranxo!



5ªA Jorge Domínguez Cordero  
José Luis de la Torre Castejón.

## PONTE EN GALEGO. CAMPO LONGO DE TRABALLO.



Dende os tempos dos Reis Católicos, os topónimos galegos sufriron unha fonda transformación, castelanizándose a maioría das veces sen sentido, como por exemplo, O Seixo convértese en Seijo e nunha correcta tradución tería que ser El Cuarzo. Seijo é, pois unha castelanización absurda, ilóxica e sen sentido. O mesmo podemos dicir do antigo San Xenxo, que sería en castelán San Ginés, nunca Sangenjo.


A partir de entón, cada lugar, rúa ou praza foise rebautizando ou bautizando con nome castelán.

A Lei de Normalización Lingüística de 1983 di textualmente:

"Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega". Artigo 10.1. Esta lei foi aprobada unanimemente por tódolos partidos no Parlamento galego, nesa votación estabamos todos representados. Polo tanto, non se poden castelaniza-los nomes de lugar, e menos de xeito disparatado.

Para comproba-la situación en Pontevedra, os de oitavo dividímo-la cidade en zonas e pateámola en equipos. Descubrimos no recorrido que existen algúns nomes rotulados en galego, moi poucos:

Ribeira dos peiraos.  
Rúa do Corpo Santo.  
Rúa do Canabal.  
Rúa da Fonte da Moureira.  
Rúa Alta.  
Rúa de Benito Soto.  
Praza de Cornelis de Holanda.  
Campo da Torre.  
Rúa do Rache.  
Rúa dos Buraces  
Rúa da Ponte.  
Rúa da Ruibal.  
Rúa Vaço da Ponte.  
San Antoniño.  
Cruz Vermella.



Obsrvando por onde están situados, decatámonos de que a maioría corresponde ó barrio antigo da Moureira e ó casco vello da cidade. Resistiron tanta agresión castelanizadora. Eses nomes dan noticia do noso pasado, confirman a historia dunha vila florecente cando estaba aberta ó mar.

Outras rúas atopamos que empezan en galego, pero rematan en castelán, como Rúa Nueva de Arriba, Rúa Nueva de Abajo, ¿é posible?

Fixemos unha lista enorme de nomes en castelán, cunha proposta galeguizadora, non a incluímos neste traballo porque esperamos que o noso desexo, espresado en carta aberta, teña eco na nova Corporación Municipal. Publicamos, en cambio, algo da historia recente de Pontevedra; sigue lendo.



PONTEVEDRA..  
¡QUEN TE VIU E QUEN TE VE!

Pontevedra estivo sempre vinculada coa cultura galega e co galeguismo. Antes da guerra civil de 1936 xurdiron aquí iniciativas culturais e políticas de vital importancia para recupera-la conciencia e a identidade de Galicia, como terra con historia, cultura e lingua propias e dereitos ós que non se pode renunciar.

Da imprenta pontevedresa de J. Poza Cobas saen os números 16, 17 e 18 da revista NÓS, órgano da Xeración Nós, que tanto fixo por universaliza-la nosa cultura.

Aquí naceu a Colección de Poesía Benito Soto, "a primeira realidade editorial na nosa terra", despois da guerra civil, realizada na rúa de D. Filiberto, na imprenta do pai de Sabino Torres, a alma do proxecto das edicións piratas, con obras de:

Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez (Poemas de ti e de min).

Álvaro Cunqueiro (Dona do corpo delgado)

Ricardo Carballo Calero (Anxo da Terra).

Luis Pimentel (Triscos).

Manuel María (Muiñeira de brétemas).

Augusto Casas (Cantigas da noite moza).

e dalgún outro, publicadas arredor do 1950

Outro pontevedrés, D. Xosé Filgueira Valverde, cofundou o Seminario de Estudos Galegos no 1923, para formar investigadores e estudar Galicia cientificamente.

En 1927 fúndase o Museo baixo o patrocinio de Daniel de la Sota, para salvar algo da piqueta municipal, que en poucos anos derrubara as murallas, as Torres Arcebispales, S. Bartolameu o Vello, A Nosa Señora do Camiño e outros moitos edificios nobres.

Polo 1925 daba o primeiro concerto en S. Francisco a Coral Polifónica de Pontevedra, coa animación de Antón

Losada, Castelao, Blanco Porto, Iglesias Vilarelle, Alexandre Bóveda...

Alexandre Bóveda, un ourensán afincado en Pontevedra, convértese pronto, desde a tertulia do recentemente desaparecido Café Méndez Núñez, presidida por Castelao e Losada, no motor do galeguismo. En 1931 funda con outros o Partido Galeguista, en 1936 participa na redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Na igrexa de S. Francisco está enterrado Paio Gómez Chariño, o almirante trobeiro, primeiro señor de Rianxo.

Pontevedreses son Luis Amado Carballo, o poeta renovador dos anos vinte, e o sabio analfabeto Marcos da Portela, de quen tanto aprendeu Martiño Sarmiento nos seus paseos por Mourente.

Tamén Manuel Cuña Novás, que participou na Colección Benito Soto, xunto con Celso Emilio Ferreiro, que tamén estivo entre nós dez anos (1940-1950) e aquí escribiu e publicou páxinas importantes da súa obra.

¿Que queda daqueles mestres e do espírito que os animaba?

As enquisas sociolingüísticas pónennos á cola, entre as sete cidades galegas, na preocupación pola lingua e pola nosa cultura.

Pola historia gloriosa de Pontevedra de hai só 50 anos, na defensa da lingua e da cultura galega, enviamos unha carta aberta ós novos rexedores municipais e ós seus representados, para que deixemos de se-la cidade galega máis despreocupada pola normalización do galego.



Lois  
AMADO  
CARBALLO

Outro  
pontevedrés  
ilustre,  
poeta.

## CARTA ABERTA Á CORPORACIÓN MUNICIPAL E ÓS SEUS REPRESENTADOS.



Relacionando datos sobre a historia do galego, atopámonos con que Pontevedra desde a Idade Media e, sobre todo, na primeira metade do século, desempeñou un papel fundamental no desenvolvemento da cultura galega e do galeguismo.

A nosa sorpresa foi enorme ó comprobar que a Pontevedra actual pasa bastante da lingua e da cultura galega. ¿Por que ese cambio contradictorio en tan só 50 anos?

Por iso solicitamos da Corporación Municipal catro medidas que mellorarían bastante a situación lingüística:

1.- A galeguización plena da toponimia e do nomenclátor do concello de Pontevedra, para segui-lo ordenado na Lei de Normalización Lingüística de 1983: "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega" (Artigo 10. 1). Evitaríanse, polo menos nos escritos, nomes como Geve ou Cerponzones.

2.- Emprego do galego nos bandos, nos carteis de festas e celebracións e nas publicacións subvencionadas polo Concello.

3.- A galeguización dos servizos públicos municipais en réxime de concesión.

4.- A creación do Servizo de Normalización Lingüística para galeguiza-la documentación administrativa e as comunicacións externas e internas do Concello.

Pontevedra, a dezaseis de maio de 1995.

DELEGADOS E SUBDELEGADOS DE OITAVO.

Montse

Cugo

M32

Pablo  
Cear

..... E A COUSA VAI EN SERIO.

Segundo unha lei de 1992, poden ser declarados nulos tódolos actos de organismos públicos que desde 1984 fosen asinados en lugares que non se corresponden coa forma oficial gallega. Calquera cidadán, pois, pode anular, vía xudicial, un acordo do concello asinado, por exemplo, en La Coruña, no canto de en A Coruña.

Non hai prazo para presentar tales reclamacións, polo que se poden anular, agora ou no futuro, acordos tomados desde 1984.

A razón é moi sinxela, o topónimo non oficial, como La Coruña, Sangenjo, Puebla del Caramiñal ou

Puentearreas non corresponde a ningún territorio; en consecuencia, a autoridade resulta incompetente nun territorio fantasma e nulos os actos alí asinados.

¿Que vos parece? ¡E nós sen saber nada!

Os poucos días de aparecer na prensa esta noticia bomba, aparece en La Voz de Galicia do 20 de maio outra que confirma que o Tribunal Superior de Xustiza xa instou ó Concello de A Coruña a utilizar "sen máis dilacións, excusas nin pretextos o topónimo A Coruña en tódalas súas actuacións, incluídas ás relativas á publicidade".

¡É DE LEI!, como di a publicidade institucional da Xunta.

## O NOSO IDIOMA: O GALEGO



No século XVI o Galego desapareceu coma unha lingua de cultura, e pasou a ter consideración como un dialecto.

Máis tarde, en Galicia o castelán era a lingua principal e a ninguén lle importaba o idioma propio, e menos á xente culta.

Sen embargo, o Galego resistiu, debido a que Galicia era expresamente rural e case non chegaba a lingua extranxeira ás aldeas, pois a maioría da xente era analfabeta.

O que se conseguiu con isto, foi que o castelán era a lingua da xente culta, e o galego era a lingua da xente sen cultura. Hoxe é un idioma, e a parte de falarse na propia Galicia, Fálase tamén en León, Zamora e Asturias.

Aínda agora, existen catro formas diferentes de falalo.

Saimos á rúa e preguntámoslle a 25 persoas, e responderónnos o seguinte:

1.a) ¿Qué opina vostede de falar en galego ou en castelán?

\* Os dous idiomas: 18      \* Galego: 3      \* Castelán: 4

2.a) ¿Pensa que o galego debería ser obrigatorio ou optativo?

\* Obrigatorio: 1      \* Optativo: 24

3.a) ¿Sabe falar ben o galego?

\* Si: 5      \* Non: 11      \* Regular: 9

4.a) ¿Pensa que é útil?

\* Si: 9      \* Non: 7      \* Só para Galicia: 9

5.a) ¿Fálao vostede con normalidade?

\* Si: 7      \* Non: 18

6.a) ¿No seu traballo comúnicase mediante o galego?

\* Si: 3      \* Non: 13      \* As veces: 9

7.a) ¿Cando cree que se fala máis o galego, agora ou antes?

\* Agora: 7      \* Antes: 9      \* Igual: 9

8.a) ¿En que cidade cree que se fala máis o galego?

\* Lugo: 14      \* Ourense: 5      \* Coruña: 3      \* Pontevedra: 3

9.a) ¿Qué pensa sobre o impedimento de pasar a outro curso por culpa do galego?

\* Ben: 2      \* Mal: 23

10.a) ¿Iría a unha manifestación a favor do galego obrigatorio?

\* Si: 10      \* Non: 15

CRISTINA GARCIA AMORIN      7ºB  
MERCEDES GONZALEZ CÉDILLO

## ENQUIISA



Fixemos unha enquisa preguntando como está o noso colexio. Preguntamos a 43 alumnos e 7 profesores.

Na pregunta, ¿que che parecen as medidas de seguridade do colexio?, un 46 % dos enquisados respondeunos que eran malas, un 32 % que eran escasas, un 20 % que eran normais e un 2 % que eran boas.

Na pregunta, ¿que che parecen as medidas hixiénicas dos baños?, un 94 % respondeunos que malas e un 6 % que normais.

Na pregunta, ¿que che parece o estado de teitos, armarios e cousas polo estilo?, un 82 % respondeunos que é malo, un 16 % que é normal e un 2 % non respondeu.

Na pregunta, ¿está ben decorado o colexio?, un 72 % respondeunos que non, un 16 % que si, un 2 % que normal, tendo en conta as características do colexio e un 10 % non respondeu.

Na pregunta, ¿cres que os profesores e os alumnos tratan ben o colexio?, un 40 % respondeunos que non, un 26 % que si, un 6 % dixo que algúns alumnos tiñan que millorar e un 28 % non respondeu.

Na pregunta, ¿estás a favor ou en contra da xornada única?, un 96 % respondeunos que está a favor e un 4 % non respondeu.

Paulo González, Iago Farto e Carlos García.

## A SIDA

O termo SIDA significa Síndrome de Inmuno Deficiencia Adquirida.

Tódolos científicos din que a SIDA é unha enfermidade nova, que descubriuse na década dos 80.

En 1981, en Los Angeles, descubríronse cinco homes con esta enfermidade. Pouco tempo despois, noutras cidades americanas, descubríronse pacientes con síntomas iguais, case todos eles homosexuais varóns.

Moitos científicos deron as súas opinións sobre a procedencia da SIDA, pero a máis acertada foi a de Robert Gallo, que dixo que a SIDA apareceu na África subsahariana.

Os primeiros casos déronse en homes homosexuais, pero pronto apareceu en drogadictos, hemofílicos, receptores de sangue, etc...

En 1994 en España había 27.584 casos de SIDA.


Nestes momentos investigadores e científicos americanos están traballando nunha nova vacina para acabar con esta enfermidade, a SIDA.

En Pontevedra tamén hai moitas persoas afectadas por esta enfermidade, debido a facilidade para conseguir drogas, polo intercambio de xeringuillas, etc...



Evaristo Juncal Projan  
Pablo Gayoso García  
Manuel Magariños Moa

Luis González Pérez  
Rafael Luaces Méndez



## OS DATOS HISTORICOS DO COLEXIO CAMPOLONGO


O colexio tardouse en construír dende o 1 do 3 do 1972 ata o 30 do 9 do 1972, ten pois vintetrés anos.

O noso colexio cambiou moito: antes as aulas eran moi grandes, había pasillos na planta baixa moi amplos, o patio interior non era zona de paso, por iso ten as portas moi estreitas. A zona dos sextos non estaban divididas, como tampouco o estaban as aulas de 2º nin de 5º. O colexio fora concebido para menos alumnos e para un tipo de ensinanza experimental.


A primeira Directora do colexio Boña M<sup>a</sup> Xesús García Sánchez. Outros directores foron : D. Luis Sieiro, que ten unha neta no colexio, D. Marcial Pantín, D. Germán Bugallo e Dona M<sup>a</sup> Teresa Blanco a actual é Dna. M<sup>a</sup> Soledad Lorenzo..

Chegou a ter máis de mil rapaces, agora somos uns 700.

7ºA Marcos Fernández, Félix Carballal  
L. Manuel GómezEstévez, Santiago Fernández S.



5ºA Paula Velasco



### UNHA NOITE NA RUA.

Un día un neno que se chamaba Pepito Potito, que tiña sete anos, quedouse só na rúa pola noite e botouse a chorar.

Pero, como era moi listo, meteuse nunha casa que parecía de xente moi rica. Aínda non enchera a barrigola e foi en busca da cociña.

Como non coñecía a casa, entrou primeiro no dormitorio dos señores; e... ¡non sabedes a que se armou!

Cando se deu conta de que non era a cociña ergueuse, púxose enriba da boca do señor, e case lle meteu un pé dentro dela; e logo foise.

Máis tarde, entrou na habitación dos nenos, entón empezou a buscar e rebuscar no caixón dos xoguetes, pero non atopaba nada que levar á boca. Tiraba os xoguetes a un lado e a outro, e case todos ían parar enriba dos rapazes, así que pronto empezaron a berrar.

Pepito sentiu medo e fuxiu da casa a fume de carozo.

Foi á oficina de obxectos perdidos. Púxose no mostrador e alí quedou durmido. Á mañá seguinte os pais de Pepito foron á oficina de obxectos perdidos e atopárono alí. E regresaron moi contentos á súa casa.

*José Luis Hermoso. 4.º A.*





# PARA MARXA




¿CIEU CRÍA COS DROME-  
DARIOS VIVÍAN NAS  
AMÉRICAS?!



¿E LOGO,  
NON O VICHES?

¿QUÉ CHE PASA MARXA?  
¡CONTA, MULLER.!



DEPOIS DE ESCOITAR TÓDA  
A HISTORIA, AGAPITO  
VAI BUSCAR TRABALLO E...



NON QUEDA OUTRO  
REMEDIO



**BANCO**  
¡¡E NON VOLVA ATA  
CONSEGUI-LOS  
CINCUENTA PATACOS!!



## IRIA TEN PROBLEMAS



Na penúltima semana do colexio...

Iria e os seus amigos andan moi atarefados por mor dos exames. No recreo do venres, Xoán, Pedro e Carlos viron aproximarse a Iria e Carme, esta ía consolando a Iria, por un par de asignaturas suspensas. Cando (lo contaron os rapaces decidiron que tiña que haber unha solución, e nese preciso momento pasaron por alí dous mestres falando da nova programación do novo ordenador, e aí estaba a solución.

O ordenador tiña tódalas notas gravadas e tamén os resultados, pero o único problema era convencer a Carme, a única rapaza capaz de entrar no sistema informático.

Despois de moito insistir aceptou, e esa mesma noite todos quedaron ás oito na porta da escola.

Todos chegaron xa, menos Carlos que tardou un anaco máis por ter que ordena-lo seu cuarto.

Despois de salta-lo enreixado e quitarlle as chaves ó consêxe, que sería doado, pois pasaba case toda a noite durmindo, despois disto, ían saír do edificio central ata un máis pequeno, onde está a dirección.

Unha vez dentro, Carme acendeu o ordenador central e cambiou un pouco as notas, non moito, para que ninguén se decatase. Cando remataron, deixaron todo como estaba, en fin, todo non, Pedro deixou o envoltorio dun caramelo que lle dera o mestre de galego.

Á mañá seguinte, o mestre de galego, descubriu o envoltorio dun caramelo e deuse conta de todo, e á hora de ximnasia mandounos ir á súa clase, e tiveron que explicarllo todo, pero o mestre non fixo máis ca rir e rir, facíallle gracia que uns nenos tan pequenos fosen capaces de facer unha cousa tan difícil.

*Carmen*

*Carme P.R.*

*Maite Cristina*

## AS BROMAS DE ROBERTO

Todo transcorre nunha pequena vila nas aforas da cidade, a vila chámase Pontevedra. Era verán, os catro rapaces ían ó río facer unha pequena excursión. Despois de andar, decidiron ir pola vía do tren.

Xosé ia contando historias, e de súpeto calou. A uns cantos metros viron unhas ruínas, comezaron a andar todos calados, coma se unha estraña forma os estivese levando contra a súa vontade.

Chegaron alí, abriron a porta e souu un pequeno chío, entón Antonio comenzou a falar:

-Oes, podemos merendar aquí.

-Antonio, antes de comezar a merendar imos inspecciona-las ruínas, non vaia ser que nos caian enriba.

Subiron por unha pequena escaleira e entraron nun gran corredor cheo de armarios metálicos que se abrían e se cerraban.

Viron a alguén... conezaron a tremer. Entón Anabel e Lorena agarráronse fortemente a Xosé e a Antonio.

Antonio comezou a meterlles ós outros máis medo do que tiñan. De súpeto os armarios empezáronse a abrir un por un, e a imaxe ó fondo empezou a andar moi lentamente cara a eles.

Eles querían ~~dir~~, pero non podían, as pernas comezáronlles ~~a~~ tremer. A imaxe sacou o puñal, entón Anabel cargouse de valentía e quitoulle o saco da cabeza, os catro rapaces suspiraron relaxados, e con ganas de devolvelle a xogada a Roberto, pero con máis medo do que eles pasaron.

*Antonio*



*Roberto*

*Antonio*

Inventamos.

había unha vez  
unha letra que se  
chamaba a letra  
u que era un rei.  
e vivía nun  
castelo.

parvulos





## " Misterio na rúa vella "

Era unha noite de chuvia, tronaba e facía moito vento. Para matalo tempo vouvos contar un caso que me sucedeu a min un día coma este; o caso chamábase: "Misterio na rúa vella".

Era unha noite na que había un temporal horrible, a policía encargárame dun caso no que ninguén quería mete-los fuciños. Sospeitábase de varias bandas, pero a principal sospeitosa era a banda do "Carniceiro", que controlaba a cidade, que máis que cidade era un inferno. Esta banda levaba a cabo calquera operación de contrabando, desde o tabaco ata a droga, pero esta vez buscaron algo especial, contrabando de órganos; a operación levábase a cabo na Rúa-66, a parte vella da cidade, da vila para ser máis exactos. Alí vivían as principais bandas da cidade, e xa vos podedes imaxinar como era aquilo. Cando entrei alí, case me matan, tiven que correr moito para poder escapar, pero...colléronme e durmíronme con cloroformo; ó despertarme aquilo parecía unha carnicería humana, o primeiro que fixen foi desatarme das cordas que me tiñan preso e despois busca-lo carnicero. Cando o atopei rodeoume a súa banda, o seu traxe era de cor branca e estaba cheo de sangue, unha parte da cara tiña queimada, e na man esquerda un corazón, estrullouno e díxome unha voz ronca:

"Comecemos"-. Tiña unha gran forza, dun puñetazo podería tumbar a calquera, non me quedaba máis remedio ca ser máis listo ca el, pero...cando acabei co Carniceiro, os seus secuaces fuxiron medoñentos. Pero non remata aquí o "Misterio na rúa vella". Ti debes continualo.

Iago Feijeira Dacosta  
Jorge Prego Pastoriza  
Uxío Pérez Rodríguez  
Marcos Rodríguez Hermida  
Eduardo Rodríguez Estévez



Jose 2ºC

### AS VOCAIS MEDOSAS

Unha noite de tormenta, chea de raios e tronos, despertaron as letras vocais, con moito medo, pois o ruído e as luces asustábanas, e elas durmían bastante lonxe unhas das outras como para facerse compañía nunha noite coma esta.

Levantáronse todas, e durante un tempo falaron buscando solucións para ocasións especiais de tanta tormenta.

Despois de falar e falar, durante moito tempo, chegaron todas a un acordo, e decidiron buscar unha palabra onde estar todas xuntas en casos coma este.

A partir desta noite, cando se sentían soas ou con medo, metíanse todas xuntas dentro de: Aurelio.

E xa non tiveron máis estes problemas.

POESÍA  
MARGARIDA

Margarida chamábase  
unha bela bolboreta  
que ía danzando  
e pousaba en cada violeta.



Otro día Margarida  
preguntoille a unha andoriña  
con moitísimo salero  
se tiña algo de comida.



Estas foron as historias  
de Margarida Bolboreta  
que no pobo tamen chaman  
Margarida e caldeireta.



Un día Margarida  
bebeu moito viño  
e sen darse conta  
apareceu no quinto pino.



A andoriña  
non lle contestou  
e Margarida enfadada  
voçou e marchou.



Lidia Piñeiro Arcay  
5º B

Lidia Piñeiro Arcay

Un día de claro sol,  
dous intrépidos rapaces,  
saíron por aventuras  
ó castelo das tres torres.

Polo camiño escoitaban  
rechouchíos de paxaros,  
que de súpeto calaban,  
cando uns tronos resoaban.

Cando estaban no castelo,  
había tronos e lóstregos.  
O castelo parecía,  
a mansión das profecías.

E de súpeto saíron,  
dous asquerosos vampiros,  
que seguiron ós rapaces  
ata quedar rendidos.

RAFAEL LUACES.



## O GRAN CASTELO

**Narrador:** Os nenos correron hacia ó castelo; Cando chegaron á gran porta, cavilaron nalgún alcume para el, e decidiron chamalo "EMBRUXADO".

**Anxo:** ¿Decídeste a entrar, Carolina?

**Carolina:** Non sei... dáme medo.

**Anxo:** Veña, non crerás nos fantasmas.

**Carolina:** Pois veña, entramos.

**Narrador:** Como a porta era moi vella, ó abríla fixo un ruído, e Carolina asustouse.

**Carolina:** ¿Que foi ese ruído?

**Anxo:** Foron espíritos do mal que nos queren matar....

**Narrador:** Carolina botou a correr.

**Anxo:** Tranquila, era unha broma.

**Carolina:** Eu mátoe. Levei un susto de morte.

**Narrador:** Os nenos seguiron camiñando polo interior do castelo.

**Anxo:** Mira; isto debe ser moi antigo.

**Narrador:** Anxo colleu un reloxo.

**Carolina:** Si, debe ter polo menos 100 anos.

**Narrador:** E de pronto saíron dun vello armario uns morcegos.

**Anxo:** Corramos, Carolina, á présa.

**Carolina:** Espérame, Anxo, espérame.

**Narrador:** E saíron correndo do castelo.

E mentres os morcegos voaban,  
os rapaces escapaban  
do castelo tenebroso,  
que era moi espantoso.  
Escondéronse nuns arbustos  
e ensuciáronse cos musgos.  
Os morcegos fóronse en masa  
e volveron para a casa.



~~Pablo~~ Lago  
Alfonso  
R.F.  
Patricia Inej Cristina  
Mercedes

Jaime 1ªA

# AS PLANTAS ASASINAS?



Nas aforas da cidade de Pontevedra, unhas plantas asasinas crecen. Delas coida un señor maior que sen saber nada, tódolos días as regaba.

Certo día o señor morreu.

Vinte anos despois, as plantas comezaron a crecer espontaneamente de forma esaxerada.

No año 1.989 unha familia normal e corrente veu vivir aquí. Volveron reconstruí-la casa e quedaron a vivir nela. Certo día o fillo menor saíu ó xardín coma tódolos días e... unha enorme planta abalanzouse sobre el !!!Tiña fame!!! e papouno inmediatamente. Pasaron os días e os pais estaban moi preocupados, porque non aparecía por ningures.

Certo día que a familia foi de compras, as plantas asasinas zamparon a casa. Cando chegou a familia non estaba a casa pero si puideron ver unhas grades plantas. Quedáronse apampanados e a partir dese día tiveron que durmir no garaxe baixo as enormes plantas asasinas. Unha noite oíse un gran ruído !! as plantas asasinas comezaron a todos!!.

No interior da planta estaba toda a familia, incluído o fillo menor. Estaban moi angustiados poque non sabían saír daquela caverna ermética que era o estómago da planta. O pai un día descubriu a maneira de saír : "Poñede todos as camisetas na cara." Colleu un misto, acendeuno e deixouno caer intestino abaixo. A planta estoupou e... !!por fin libres!! pero... aínda quedaban moitas plantas asasinas e parecía coma se notasen a ausencia dunha delas.

Pasaron moits meses pensando como desfacerse das plantas, ata que encontraron no garaxe, un libro do avó, do vello que vivía nesa casa desde había moitos anos, el sabía que no xadín había unhas plantas asasinas, pero non revelara nada


unque escribira un libro que poñía como desfacerse delas. A familia encontrou o libro, que dicía que tiñan que destruílas nun eclipse total de sol coa podadeira dourada, que soamente podían conseguir na cova da pedra furada que estaba na Canicouba. Viaxaron ata alí e conseguírona, pero soamente quedaban tres días para o eclipse total. Chegaron á casa ese mesmo día. Había moitas nubes, alzaron a podadeira e de forma máxica abriuse o ceo, e empezaron a podar as plantas que se ían derretendo.

Por fin a familia estaba, ven soa sen ningunha planta malvada.

*Deixame Vidal Lopez b#BieitoVidal#b*



*Rebeca 20*



# CARTA ABERTA

Queridos lectores galegos:

Porque os galegos non somos galegos? Eu preguntomo moitas veces e sempre acabo respondéndome o mesmo, eiquí non hai galegos senón que hai gallegos e así non imos para ningures.

Os rapaces de E.X.B. (Educación Xeral Básica) estamos mal educados lingüísticamente, os nosos mestres, algúns pais, e sobre todo a televisión e a radio, fainos entender que falar galego, e mesmo ser galego, é sinónimo de palurdo e montuno, e eu digo que se fala-lo noso idioma e ser do noso país, é ser todo iso, eu son e a moita honra.

Nós, a xuventude, témonos que concienzar de que Galiza é un país, tanto xeográfica coma cultural e lingüísticamente, e que o galego é a lingua do proletariado e dos intelectuais e non dos señoritos eses.

Eu admiro os Institutos e Universidades galegas, xa que a súa vangarda cultural está constituída por galegos e galeguistas, que defenden a idea dunha Galiza culta, amosándolles ós seus compañeiros que a Galiza culta e cotiá pode ser, e de feito é, en galego.

Agora decátome que o que tenta ser culto, non cambia de galego a castelán, rachando co seu pasado, e tamén me decato de que nosos pais cometeron o erro en educarnos nunha cultura que non era a súa, levándonos a pensar que o "español" é o mellor.


Agora para aqueles que seguen a pensar que o galego non serve para nada e que non se debería falar, vou dar unha simple explicación: os franceses que falan?, francés, ¿verdade non? os italianos? italiano, ¿e os portugueses? portugués, ¿e os galegos? galego, ¿non si? ¿verdade que é simple?.

Para rematar, invítovos a que faledes galego, tanto no ámbito escolar, familiar ou cos amigos.

Defendede e loitade polo noso país galego, pola súa cultura, en definitiva, por GALIZA.

A collection of handwritten signatures and names, many of which are crossed out with a diagonal line. Visible names include:
 

- Alacia
- Katherine
- TERAPELO
- Daniel Cardente
- Felix Rodriguez
- Francisco
- André
- Alegandro M. Vido
- Rocio
- Gonzalo
- Daniel
- Sancho
- Mano
- MS2
- Estefano
- 4



# OMAGA DO COLEXIO

O MAL QUE ESTÁ NOSO COLEXIO. POR EXEMPLO: AGORA O PAÍS EN CRISE, TODO ESTA DEFECTUOSO: QUE SE O RETRETE SE INUNDOU, QUE SE HAI AMEAZA DE BOMBA, QUE SE ROUBARON O VIDEO... ETC.

COUSA MALA É A CLASE DE E.FÍSICA A PRIMEIRA HORA...



... SEMPRE UN VOMITA O ALMORZO E.....



.... CANDO UN VOMITA OS DE MAIS TAMEN.




OUTRO CASO É MATEMÁTICAS PORQUE NON ENTENDES NADA, ATA QUE...



... UN DIA COLLES LLE O XEITO



IGUAL CŌ INGLÉS



O PEOR SON OS RETRETES E O FEDOR QUE DEIXAN...



PARA DESINFECTALO NECESÍTASE UN GRAN EQUIPO TÉCNICO.



E... ¿COMO OS QUE ROUBAN NO COLEXIO, CONSEGUEN BURLA-LO CONSERXAR?



ETAMÉN... AS PISTAS QUE ESTÁN SOBRE A PISCINA, SEGURO QUE UN DÍA DERRÚBARSE É...



... CAIRAN NAS FAMOSAS PISCINAS



-FIN- FEITO POR GUNBAR BELOSO TOUCEDO - 6ºA





Nunha mañá escura de inverno, fixemos un debate sobre o racismo, coa profesora *M<sup>a</sup> Carmen Cortizo*.

*Jose Antonio López Rosell* e *Manuel Gómez Rodríguez* espuxeron o tema e empezaron a conta-la historia do racismo e ó final fixeron unhas preguntas ós demais alumnos.

## Crónica. Campolongo, 6ºB, O RACISMO

Racismo é a doutrina que atribúe a unha raza a superioridade sobre as demais.

O racismo no mundo ten unha historia, ás veces conflictiva e cruel. Por culpa do racismo morreron moitas persoas e, ó longo do tempo houbo distintos feitos que non imos relatar na súa totalidade pola extensión.

Un feito moi destacable de esta crueldade é o exterminio dos xudeus na II Guerra Mundial. Este feito foi apoiado polo racista *Hitler*, que era un amigo do tamén racista *Mussolini*.

Outro feito moi destacable de racismo, foi o sistema que houbo en África durante algúns anos, chamado de apartheid, que consistía en que os servicios públicos eran diferentes para negros que para brancos.

Pero tamén houbo xente que non quería o racismo e defendía outros ideais como *Nelson R. Mandela* (1918-vive), *Malcom X* (1925-1965) e *Martin Luther King* (1878-1956).

## O RACISMO ENTRE NÓS

Case todos estaban en contra do racismo pero algún alumno estaba case a favor, pero, ó final fixémoslo entrar en razón.

Pero, en xeral chegouse á conclusión de que o racismo é malo e tería que suprimirse en tódolos sentidos.

Houbo bastantes preguntas e bastante interese por parte dos alumnos, sendo o moderador *Telmo Calle Facal*.


## SITUACIÓN ACTUAL

Na actualidade, en moitos países do mundo prodúcense moitos actos vandálicos e xenófobos.

Podemos nomear diversos atentados, discriminacións, abusos, violacións, etc... Por exemplo, atentados en Arxelia contra estranxeiros, algúns brotes neonazis na Alemania e innumerables feitos conflictivos.

Actualmente, tamén, xurdiron grupos de vándalos, llamados "cabezas rapadas" ou "Skingers", adícanse a asesinar ou abusar de distintas clases sociais, que por unha ou outra razón son de aspecto diferente a eles, por exemplo, os marroquinos.


**Jose Antonio López Rosell e Manuel Gómez Rodríguez.**



¿Coartada da desgaleguización galopante?

¿Opio do "bilingüismo harmónico"?

17 de maio, ¿unha data para  
adormecer conciencias?





## AS LETRAS GALEGAS

O día das Letras Galegas faise tódolos anos con motivo de facer unha homenaxe ó pobo galego. As persoas homenaxeadas foron:

**-Rosalía de Castro (1963)**

Naceu en Santiago en 1837 e morreu en Padrón en 1885. En galego escribiu *Cantares Galegos* e *Follas Novas*.

**-Daniel Rodríguez Castelao (1964)**

Naceu en Rianxo en 1886 e morreu en Bos Aires en 1950. Fundou o grupo *Nós*. A súa obra máis importante foi *Os vellos non deben de namorarse*.

**-Eduardo Pondal (1965)**

Naceu en Ponteceso en 1835 e morreu en A Coruña en 1917. A letra do Himno Galego é do seu poema *Os Pinos*.

**-Francisco Añón (1966)**

Naceu en Serra de Outes en 1812 e morreu en Madrid en 1861. Foi precursor do Rexurdimento. Foi premiado nos Xogos Florais de A Coruña en 1861.

**-Manuel Curros Enríquez (1967)**

Naceu en Celanova en 1851 e morreu en La Habana en 1908. A súa obra máis coñecida é *Aires da miña Terra*.

**-López Cuevillas (1968)**

Naceu en Ourense en 1886 e morreu na súa vila natal en 1958. A súa obra máis importante é *Prosas Galegas*.

**-Antonio Noriega Varela (1969)**

Naceu en Mondoñedo en 1869 e morreu en Viveiro en 1947. As obras máis relevantes son *Do Ermo e Montañesas*.

**-Marcial Valladares Núñez (1970)**

Naceu en A Estrada en 1821 e morreu na súa vila natal en 1903. Escribiu *Maxina ou a filla espúrea*.

**-Gonzalo López Abente (1971)**

Naceu en Muxía en 1878 e morreu en A Coruña en 1963. A súa obra máis importante é *Escumas da Ribeira*.

**-Valentín Lamas Carvajal (1972)**

Naceu en Orense en 1849 e morreu na súa vila natal en 1906. É coñecido pola obra *O catecismo do labrego*.

**-Manuel Lago Fernández (1973)**

Naceu en Tui en 1865 e morreu en Santiago en 1925. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e Arcebispo de Compostela.

**-Xoan Vicente Viqueira (1974)**

Naceu en Madrid en 1886 e morreu en Bergondo en 1924. Foi catedrático de psicoloxía en Santiago. Escribiu en poesía e prosa.

**-Xoán Manuel Pintos Villar (1975)**

Naceu en Pontevedra en 1911 e morreu en Vigo en 1976. Crese que escribiu o primeiro libro de literatura galega contemporánea. Escribiu sobre os costumes galegos no libro *A gaita galega tocada polo gaiteiro*.



**-Ramón Cabanillas (1976)**

Naceu en Cambados en 1876 e morreu en Pontevedra en 1959. Os seus libros máis coñecidos son *Da terra asoballada* e *Na noite estrelecida*.

**-Antón Vilar Ponte (1977)**

Naceu en Viveiro en 1881 e morreu en A Coruña en 1936. Dirixiu *A Nosa Terra* e colaborou con Cabanillas en *O Mariscal*.

**-Antonio López Ferreiro (1978)**

Naceu en Santiago en 1837 e morreu en Vedra en 1910. A súa obra *Historia de la Santa, Apostólica, Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*, consta de 11 volumes.

**-Manoel Antonio (1979)**

Naceu en Rianxo en 1900 e morreu na súa vila natal en 1930. Creou a escola vangardista en Galicia. As súas obras son *De catro a catro* e *Foullas*.

**-Alfonso X O Sabio (1980)**

Naceu en Toledo en 1221 e morreu en Sevilla en 1284. Escribiu poesías profanas e as *Cantigas de Santa María*.

**-Vicente Risco (1981)**

Naceu en Ourense en 1884 e morreu en Ourense en 1963. Escribiu a novela satírica *O porco de pé*.

**-Luis Amado Carballo (1982)**

Naceu en Pontevedra en 1901 e morreu na súa vila natal en 1927. As súas obras son *O galo* e *Os pobres de Deus*.

**-Manuel Leiras Pulpeiro (1983)**

Naceu en Mondoñedo en 1844 e morreu en Mondoñedo en 1912. Intentou incorporar á lingua vocablos da súa bisbarra.

**-Armando Cotarelo Valledor (1984)**

Naceu en Vegadeo en 1884 e morreu en Madrid en 1950. Destaca a súa obra *Mourenza*.

**-Antón Lousada Diéguez (1985)**

Naceu en Boborás en 1884 e morreu en Pontevedra en 1929. Foi un polígrafo vinculado a Risco e Otero.

**-Aquilino Iglesia Alvariño (1986)**

Naceu en Abadín en 1909 e morreu en Santiago en 1961. A súa obra máis importante é *Cómaros Verdes*.

**-Francisca Herrera Garrido (1987)**

Naceu en A Coruña en 1869 e morreu na súa vila natal en 1950. Escribiu cousas románticas nos seus libros *Sonrisas e bágoas*, *Flores do meu paxareco* e *Néveda*.

**-Ramón Otero Pedrayo (1988)**

Naceu en Ourense en 1888 e morreu en 1976. Foi deputado por Ourense, impulsor da Xeración Nós e escribiu *Arredor de si* e *Escrito na néboa*.

**-Celso Emilio Ferreiro (1989)**

Naceu en Celanova en 1922 e morreu en Vigo en 1979. Escribiu *O soño sulagado*, *Paco Pixiñas* e *Longa noite de pedra*.

**-Luis Pimentel (1990)**

Naceu en Lugo en 1895 e morreu na súa vila natal en 1958. O seu libro *Cunetas* foi inspirado pola tristura e reclusión da Guerra Civil.

**-Álvaro Cunqueiro (1991)**

Naceu en Mondoñedo en 1911 e morreu en Vigo en 1981. O vigor da súa prosa exprésase nos libros *Se o vello Simbad volvese ás illas* e *Escola de menciñeiros*. Dirixiu o *Faro de Vigo*.



**-Fermín Bouza Brey-Trillo (1992)**

Naceu en Pontearreas en 1901 e morreu en Santiago en 1973. Destaca a súa obra literaria *Nao senlleira*. Fixo unha importante obra bibliográfica sobre Rosalía de Castro.

**-Eduardo Blanco Amor (1993)**

Naceu en Ourense en 1897 e morreu en Vigo en 1979. Foi correspondente do diario *La Nación* e escribiu *Romances Galegos* e *A esmorga*. Tamén escribiu sobre autores galegos e obras de teatro.

**-Luis Seoane (1994)**

Naceu en Bos Aires en 1910 e morreu en A Coruña en 1979. Foi escritor, editor e pintor, e foi unha das figuras máis representativas do pensamento galego.

**-Rafael Dieste (1995)**

Naceu en Rianxo en 1899 e morreu en Santiago en 1981. Traballou no xornal *Galicia* e en *El Pueblo Gallego*. Escribiu libros sobre o xornalismo como *Antre a terra e o ceo*, tamén escribiu a obra de teatro *A fiestra valdeira* e o libro de contos *Dos arquivos do trasno*.

Paulo González e Iago Farto. 7ºB

NA MORTE DE ESTRELIÑA

Chamábase Estreliña e era moi gabaxeira e linda.

Dicíalle a nai: Vai á fonte, Estreliña.

E Estreliña ía á fonte.

Dicíalle a nai: Vai á horta, Estreliña, e dille a papá que deixe a poda e veña xantar.

E Estreliña ía a correr, moi contenta de cumpri-lo mandado e chamaba polo pai..

Dicíalle o pai: Ponte queda, Estreliña, que che vai traba-lo can.

E Estreliña poñíase queda, toda a cara en lume, a sorrir.

E dicíalle a irmá casadeira: Vai á escola, Estreliña.

E Estreliña collía o catón e moi dereita e leda íase camiño da escola.

E así sempre.

E cando a vían os outros picariños berraban xa de lonxe: ¡Estreliña! ¡Estreliña!

E alá ía Estreliña a correr, depenicando un cornecho, e dáballes un anaco e xogaban ás moradas.

E ás veces, moi cedo, pasaba por baixo da súa fiestra un neno, e dicía: ¡Estreliña!

E a cara de Estreliña, a sorrir tan campante, aparecía na fiestra un intre. Un intre nada máis. E o neno íase a correr e a rir, coma se fixese unha trasnada.

E así sempre.

E un día Estreliña morreu. Estaba no cadaleito bonita coma sempre, e tan campante.

E a nai, e a irmá casadeira, atrás do cadaleito, choraban. A irmá casadeira choraba e lembraba as cousas miúdas que a miúda Estreliña facía tódolos días.

E a nai case que non dicía nada.

Só dicía por veces, medindo e apoiando o pranto da filla casadeira:

-Estreliña, vai á fonte. Estreliña, vai á horta. Estreliña, vai á escola... ¡Estreliña onte! ¡Estreliña hoxe!

¡Estreliña mañá!

RAFAEL DIESTE. Dos arquivos do trasno.



# Rafael Dieste. Fotobiografía



1899.  
Nace en Rianxo,  
como Castelao e  
Manuel Antonio.

XOSÉ FREIJEIRO  
FRANCISCO FDEZ.

1917.  
Emigra a México,  
coma tantos outros,  
e regresa ó ano.



1921.  
Participa na Guerra de África,  
xunto con Otero Espasandín.



1925.  
Iníciase no xornalismo,  
na redacción de Galicia  
e en El Pueblo Gallego.

1927.  
Publica A Fiestra baldeira,  
a súa primeira obra teatral.



1930.  
Publica  
Viaje y fin de Don Frontán



1933.  
Publica Rojo Farol Amante.  
Participa nas Misións Pedagóxicas.

1934  
Publica  
Quebranto de Doña Luparia.



# Rafael Dieste. Fotobiografía



1937.  
Funda con outros  
Hora de España,  
revista mensual.

1940:  
Traduce ó castelán  
De catro a catro, de  
Manuel Antonio.



1943.  
Publica  
Historias e invenciones de  
Félix Muriel.

1945.  
Publica  
Viaje, duelo y perdición.

Rafael Dieste

## VIAJE, DUELO Y PERDICIÓN

Tragedia, humorada y comedia



libros Hiperión

1950.  
Lector de Español  
en Cambridge.




1956.  
Publica  
Nuevo tratado del paralelismo.



1962.  
Reeditase  
Dos arquivos do Trasnó.

1965.  
Publica  
Diálogo de Manuel y David.



# Rafael Dieste. Fotobiografía

1975.  
Publica  
Testamento geométrico.



1971.  
Publica  
A vontade de estilo  
na fala popular.



Dieste visto por Gaya.



1981.  
Morre en Rianxo o 15 de outubro.

por Díaz Pardo.




Dieste

por Carlos Maside.



Dieste


por Luis Seoane.



Dieste

## Espírito do 17 de maio.

ÍSACA DOS O TRES BOLSAS DE LETRAS GALEGAS  
DEL CONGELADOR. MENÚ OBLIGADO!




ANTE A RROGRESIVA PERDA  
DE FALANTES, PROPOÑO  
CONXELA-LO GALEGO PARA  
NON PERDELO.

CONSEQUENTES COA  
NOSA POLÍTICA, USAREMO-LO  
GALEGO NESTA REUNIÓN,  
DESPOIS... LIBERDADE.

# HOMENAXE

## PÓSTUMA

### A DOUS ARTISTAS DA IMAXE



Chano Piñeiro

Fixo Galicia a través do cine. **MAMASUNCIÓN** e **SEMPRE XONXA** xa son inseparables da nosa cultura e seguen sendo do mellor do cinema galego. Deixounos xove, con ambiciosos proxectos por diante.



Manuel Torres

Mestre da palabra e da liña. Humorista. Renovador da plástica galega e comprometido artisticamente con Galicia desde Marín. ¿Coñéce-la "Sala de Torres" no Museo de Pontevedra?

---

#### MORRIÑA GALEGA


¡ Ai, miña Galicia querida !,  
de lonxe acórdome de ti ,  
acórdome cando ía  
por camiños de Marín .

Acórdome da túa xente ,  
da miña lingua natal .  
Lémbrome de Xoán e Pepe ,  
os meus amigos da nenez .

Tamén me lembro de Susi ,  
a que fora o meu amor ,  
¡ Ai ! teño morriña de ti ,  
¡ Galicia do meu corazón ! .

Poida que dentro duns anos  
volte a estar aí ,  
con toda esa xente  
que me fixo feliz .

Pablo Gayoso García  
Carlos A. Garcia- Alén .



Nesta sección queremos converter a fantasía na raíz da nosa actividade mental. Fantasear en xerundio porque reclamamos máis fantasía para a escola, como acción presente, continuada e inacabada. ¡Abaixo a rutina!

A nosa biblioteca do colexio, a pública de Pontevedra e as bibliotecas domésticas ábrennos unha ventá fascinante, porque lendo libros de literatura podemos:

- Entreternos e ata divertirnos.
- Viaxar sen movérmonos da cadeira.
- Vivir experiencias imposibles.
- Coñecer personaxes e mundos.
- Retroceder no pasado e adentrarnos no porvir.
- Chorar e rir cos personaxes de ficción.
- Coller habilidades na escritura.
- Expresar mellor o que sentimos.
- Cultiva-la imaxinación.
- Enriquece-lo vocabulario.
- Coñece-los autores polas obras.
- Mellora-lo nivel lector.
- Eleva-la cultura persoal e do país.
- Cultiva-la fantasía.

Entre as/os lectoras/es de 7º e 8º deste curso elixímo-los nosos libros preferidos:

### **Rebeldes**

O misterio das badaladas.

Dúas bágoas por Máquina.

As vacacións do pequeno Nicolás.

O pequeno Nicolás.

As flores radiactivas.

Das cousas de Ramón Lamote.

¡Asústate, Merche!


Valentín Acero.

O buzón dos nenos.

Encántannos as coleccións MERLÍN de Xerais, ÁRBORE de GALAXIA, BARCO DE VAPOR de S. M. ...

Os grupos que máis libros retiraron este curso da biblioteca do colexio foron:

- 7º C, con 246 libros retirados.
- 8º B, con 114 libros retirados.
- 3º C, con 99 libros retirados.
- 6º C, con 97 libros retirados.
- 3º A, con 95 libros retirados.



Os lectores máis empedernidos, segundo os datos da biblioteca do colexio Campolongo, foron:

Elena Reguera Rodríguez, de 8º, con 56 libros retirados ¡e lidos!

Maricarme Pintos, de 7º, con 32 libros retirados.

Cavadonga Pérez, de 7º, con 26 libros retirados.

Beatriz Soto, de 7º, con 22 libros retirados

En conxunto, o alumnado retirou este curso da biblioteca 1281 volumes.

Os lectores máis empedernidos e os grupos máis asiduos á biblioteca xa recibiron dous extraordinarios premios:

**UN PRACER POLA LECTURA**

**CINCO VIAXES GRATUÍTAS ÓS LUGARES MÁIS EXÓTICOS**, acompañados  
por quen queiran.

Case a metade dos galegos descoñecen a literatura na lingua propia do seu país Galicia. O hábito de lectura avanza entre os escolares galegos. ¿Seremos nós quen de cambia-lo dato estadístico que nos coloca entre as Comunidades españolas que menos len? ¿Cambiaremos algún día bares por bibliotecas?

E gústanos ler con condicións, gústanos ler cando se respectan os nosos dereitos, os dereitos do lector que publicou Daniel Pennac, porque os practica todo o mundo cando non é alumno.

Encántanos ler cando non se converte a lectura nunha obriga, nun pretexto para facer exercicios de gramática, así non se pode disfrutar da lectura e podemos chegar a odiala para sempre. ¡VIVAN OS DEREITOS DO LECTOR.

Colectivo 7º / 8º.

### ¡ASÚSTATE, MERCHE!

"Se vos gustan as historias de amor, aventuras e algo de intriga, non vos apuredes en compra-los libros por separado, porque aquí tendes un só libro que recolle tódalas características dun libro de amor xuvenil, von intriga e aventura. Non vos deixedes intimidar polo título porque realmente é bastante bo. e ademais foi un dos dez libros máis votados entre nós".

ESTEFANÍA, RAQUEL, LAURA, ÁNXELA, NOELIA, LUÍSA e GONZALO. 8º

### AS FLORES RADIATIVAS.

"Mestura realidade e fantasía. A realidade da contaminación de hoxe en día no mar, nos ríos, na terra e no aire coa fantasía das flores que transforman a tódalas peresoas en pacifistas e amantes da Natureza. É un libro distinto dos demais, cando empezas a lelo gustaríache que non acabase nunca. Sitúasé na época actual e por iso é mellor de entender. É o libro mellor que lin ata o momento, aínda que o final non me gustou moito.

ÓSCAR DEL SOLAR. 8º

### O BUZÓN DOS NENOS.

"É un libro que trata de amosar que axudando ós demais pode un sentirse moi ben, sen ter por que recibir nada a cambio. Quizais sexa este o motivo de que nos guste. Recomendollo a aqueles que prefiren aventuras inqedantes, entretidas e cun chisco de humor"


CLAUDIA L. BRAVO. 8º

### DÚAS BÁGOAS POR MÁQUINA.


"Este libro é moi sentimental porque trata dunha rapaza a quen lle compran un can que chamará Máquina. De pequeno é moi rebelde, cando se fai grande é un can heroico"

VÍCTOR MAGARIÑOS. 8º

# Dereitos do lector



1.- Dereito a non ler.



2.- Dereito a salta-las páxinas.




3.- Dereito a non rematar un libro.



4.- Dereito a reler.



5.- Dereito a ler calquera cousa.




6.- Dereito ó bobarismo

(Enfermidade de transmisión textual)



7.- Dereito a ler en calquera sitio.




8.- Dereito a ler ó rebusco.



9.- Dereito a ler en voz alta.



10.- Dereito a calar.



DANIEL PENNAC.

Como unha novela.

Sonia. Covadonga.  
Mónica. Noemi.  
Beatriz. etc.


# ENTREVISTAS



## ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA DOS ANIMAIS

En 1983 foi creada a Asociación Protectora para a Defensa dos Animais, por un grupo de persoas ás que non lles gustaba ve-los animais abandonados na rúa. As súas instalacións están situadas en Alba. A súa presidenta dona Mercedes Ferreiro, respondeunos así a estas preguntas:

- **¿Recollen moitos cans?**
- Recollemos moitos animais, pero non todos os que queriamos. Nestes momentos temos 73 cans, e recollemos cerca duns 1000 ó ano.
- **¿Como clasifican os cans?**
- Metémolos en gaiolas de 3 ou 4, segundo sexa o seu comportamento.
- **¿Hai máis mestizos que cans de raza?**
- Das dúas cousas.
- **¿Contan co servizo dalgún veterinario?**
- Si, ven un cada semana, voluntariamente.
- **¿Como se leva a hixiene dos animais?**
- Lávanse tódolos días, desparasítanse externamente tódolas semanas e internamente cada seis meses.
- **¿Que alimentación reciben?**
- Penso e comida feita por nós alternativamente.
- **¿Reciben axuda económica?**
- De momento, soamente dos nosos socios; dentro de pouco, cando nos traslademos a Campañó, recibiremos unha subención do Concello.
- **¿Sacrifican os cans?**
- Soamente os enfermos e agresivos.
- **¿Cal é a escena máis dolorosa que lembra?**
- A de Rambo, os seus donos tirárono ó río porque os molestaba e, cando estaba casi afogado, unha señora apiadouse del e tróuxonolo aquí.
- **¿Recollen outro tipo de animais?**
- Si, tamén recollemos gatos, e incluso unha vez recollemos un moucho.



Este traballo foi realizado por:


INÉS MÁRQUEZ FERNÁNDEZ  
XIANA BUENO GARCÍA  
PATRICIA NOVAS VIDAL




## ENTREVISTA Á PROFESORA AURORA

Os rapaces de 6º B fixémoslle unha entrevista a Dona Aurora Andrés Escudero, profesora de 3º A, no colexio de Campolongo, co gallo da súa xubilación.

- ♦ ¿Cantos anos leva vostede na ensinanza no colexio de Campolongo?  
*Dezanove anos*
- ♦ ¿Cales foron os mellores alumnos, os de antes ou os de agora?  
*En xeral, sempre houbo bos e malos en tódalas épocas.*
- ♦ ¿Recorda algunha anécdota dalgún curso en especial?  
*Non, en ningún.*
- ♦ Se tivese a oportunidade de voltar atrás, ¿escollería a profesión de mestra ou outra?  
*Escollería outra vez a de mestra, porque nela sintome moi a gusto.*
- ♦ Despois de tanto tempo ¿non lle da mágoa deixa-la ensinanza?  
*Si, un pouco, pero xa levo corenta anos e debo ter un merecido descanso.*
- ♦ Antes de vir para aquí ¿estivo en outros colexios?  
*No colexio de Eiriña e en Álvarez Limeses.*
- ♦ ¿Que conclusión sacou de ensinar a tantos rapaces?  
*Que a ensinanza me parece marabillosa, xa que por unha banda dáse e pola outra recíbese.*
- ♦ ¿Cando un curso remata sente mágoa ou alivio?  
*Moita mágoa.*
- ♦ ¿Relaciónase con algún alumno que tivo e que xa saíu do centro?  
*Si, con algúns.*
- ♦ ¿Gústalle máis os cativos ou os máis maiores?  
*Tiven con tódolos cursos, pero atópome máis a gusto no ciclo medio.*
- ♦ Se puidese pedir un desexo para este colexio, ¿cal sería?  
*Que siguese coa harmonía como a que ten agora entre tódolos compoñentes.*
- ♦ Despois de deixarnos ¿en que pensa emprega-lo tempo?  
*Viaxar, saír ó campo e estar máis tempo coa familia.*
- ♦ Quere vostede engadir algo máis.  
*Como os que estades en 6º B foste-lo último ciclo medio que tiven, sempre vos recordarei con moita nostalgia.*




UNHA  
2.4.1966  
20.10.66





## ENTREVISTA Á DIRECTORA

- ¿Gústache o colexio?
- Gústame, pero quixera melloralo.
  
- ¿Levas moitos anos no colexio?
- Levo dende o curso 1984-85.
  
- ¿Como te elixiron para directora?
- Presenteime e elixíronme no Consello Escolar. Era a única candidata.
  
- ¿Gústache moito o cargo?
- Non, é moi difícil saber cumprilo ben, esixe moita responsabilidade polo que nunca se está totalmente satisfeito polo que se fai.
  
- ¿Levas moitos anos sendo directora?
- Levo dous anos.
  
- ¿É moi difícil controla-lo colexio?
- Non é controlar, senón coordinar o labor duns órganos formados por profesores e alumnos.
  
- ¿Pásalo ben no colexio?
- Si.
  
- ¿Gústache levar ós alumnos de excursión?
- Si, gústame, máis que de excursión visitas culturais. Porque se aprenden moitas cousas.
  
- ¿Tiveches que evacuar algunha vez os alumnos?
- O ano pasado.
  
- ¿Queres a tódolos alumnos do colexio?
- Si, é a miña obriga querelos individualmente.
  
- ¿Hay algún neno con sida?
- Non, eu penso que non.
  
- ¿Vai ben o colexio ou temos que portarnos mellor?
- Canto mellor nos portemos mellor será a convivencia. Sempre debemos intentar mellorar.
  
- ¿Por que non instalades bambáns?
- Ó ser moitos alumnos, o utilízalos hai moito risco.
  
- ¿Cando pensa cambiá-las porterías, arreglar o patio cuberto, o ximnasio, os baños e cambia-lo piso dós patios para evitar ferirse tanto?
- Todos eses arreglos están solicitados ó Concello que é o encargado de facer estas obras.
  
- ¿Non cre que fan falla máis profesores de ximnasia?
- Si, un para o ensino de primaria.
  
- ¿Non se podría ter máis hixiene nos baños?
- Sería ideal ter toallas, papel e xabón.
  
- ¿Como se podería separar ós nenos que xogan ó fútbol dos demais, para evitar balonazos?
- Hai que limita-lo espazo dos que xogan ó fútbol, dos demais.
  
- ¿Ides pór no colexio a Secundaria Obrigatoria?
- Eso non depende de nós, depende do que a Xunta de Galicia ordene. Haberá unha lei.



### CORO SAN XOSÉ

No Concello , preto do noso colexio , realízase unha actividade musical digna de tela en conta . Trátase do "Coro de San Xosé".

Como temos no colexio unha profesora compoñente de dito coro, fomos facerlle unha entrevista para que nos contara algo sobre el .

1ª - *¿Cal é o seu nome e apelidos?*

- Isabel León Dapena .

2ª - *Temos entendido , que vostede canta no coro de San Xosé. ¿É así?*

- Si , ademais son a presidenta .

3ª - *¿Desde canto tempo está no coro?*

- Hai 8 anos .

4ª - *¿Sabe cando se fundou o coro , e desde cando funciona?*

- Fundouse hai doce anos aproximadamente .

5ª - *¿Ensaian moitos días á semana?*

- Un día á semana , e cando hai concertos ensaiamos dous ou tres días.

6ª - *¿Cantas persoas compoñen o coro?*

- Compóñeno 34 persoas.

7ª - *¿Quen dirixe o coro?*

- O director artístico neste momento é Luis Paz .

8ª - *¿Cal foi o motivo de meterse no coro?*

- Porque me gusta cantar .

9ª - *¿Cales son as cancións que máis cantan?*

- En galego, castelán e tamén latín. Cantamos habaneiras, folclores, temas de Berdi , polo Nadal villancicos , misas , etc .


10ª - *¿Canta por afección ou por diñeiro?*

- Por afección. Pero como o coro necesita un fondo para uniformes, desprazamentos, etc., entón cando nos chamán para cantar en misas ou outras celebracións cobramos .

11ª - *¿Quérenos dicir algunha cousa máis sobre o coro?*

- Si. De forma habitual esta agrupación é especialmente invitada a solemniza-los patronatos relixiosos castrens desta praza: Inmaculada Concepción, Virxe do Piar, Sta. Bárbara , etc.

Esta entrevista foi realizada polos alumnos de 7ªA : Ana Castro, Adriana García, Francisco Costa e David Cordero.



RESPECTA - LOS ANIMAIS

1

Teño moitas ganas de comer un óso

Ógallá que non me volvan cortar

2

¡Que ben estou

Logo o cam goi pasear polo monte pero...

3

Un rapaz queima o bosque.

4

Non encontro un óso, pero por acá tem que haber cello

Vai un cello... ¡Voste colex

¡Soruro! lume, lume

5

Un bombeiro apaga o lume.

Ceguei a tempo

Esto goi intencionado

6

¡Pelleite! Vou te comer

Pero máis tarde cavi-rou e dixo: El é un animal coma min e tem dereito a vivir

7

COIDA A NATUREZA.

NON A QUEIMES NIN A DESTRÚAS.

8

OS ANIMAIS SENTEN DOR:  
NON OS TORTURES.

Ana Castro 7º A



## CAVILACIÓNS DUN LOBO QUE NON ERA HOME

### CELULOSA, MORTE NA RÍA E PESTE NOSA.

O complexo industrial ENCE-ELNOSA foi imposto e instalado á forza entre dúas vilas, Pontevedra e Marín, que vivían basicamente do mar. A partir de aquí, a vida económica cambiou para converter en pobreza toda a riqueza costeira e acabar separando Marín de Pontevedra. Por outro lado, coa présa con que se construíu para abastecer de auga o lavado de pasta, ademais de contaminar por aire, mar e terra, diminuíu o caudal do río Lérez, afectando á riqueza pesqueira e impedindo a chegada dos salmóns para desovar.


Desde a nosa entrada na Unión Europea, e ante o rigor das medidas medioambientais dictadas pola Comunidade, faise obrigatorio cumpri-las normas que respectan o medio ambiente, pero os seus vertidos sobrepasan tódalas medidas. A pesar diso, os técnicos que traballan na empresa, en contra dos resultados ofrecidos por equipos de científicos, seguen a dicir que non contamina.

Pontevedra, pola contaminación ambiental, ocasiona moitos problemas de saúde, e fixo que a nosa vila acabase coñecéndose como a vila dos "kleenex", pola cantidade de rinite alérxica que provoca.

Actualmente a empresa ten un proceso na Audiencia provincial, polo que se acusa de presunto delito ecolóxico.

¡Que desperte a xente, que marisquear é máis san ca contaminar!

LEANDRO CASTELLANO JUNCAL. 7º



Cando eu era coma vós  
saía moito a cazar.  
En grupos de dous en dous  
cazabamos sen parar.

Estaba cazando un día,  
e olíame moi a queimado.  
Era o monte que ardía,  
e quedei moi preocupado.

O monte era coma o inferno.  
De lume e chamas o reino.

Os animais escapando,  
e moitas faíscas saltando  
Había moita calor,  
e tiña a vista borrosa.

Bloqueado co pavor,  
vin unha cousa espantosa.

Un home estaba fixando  
cun bote de gasolina.

E tras del tamén deixaba  
o monte a chamusquina.  
Escapade das persoas,  
e da civilización.

Se non queredes queimarvos  
neste mundo de ambición.

Rafael Luaces Méndez. 7ºB



# PINGA AMÓSANO-LA VIAXE DA SÚA VIDA

OLA, SON PINGA  
 E ACABO DENACER. I ISOCORRO OITO AS  
 PERO TEÑO MOITO MEDO. ALTURAS ICANDO  
 CHEGUE ABAIXO VOU MALLAR

IGUAU!  
 MENOS MAL QUE CAÍN  
 NUN RIO, SE NON IA QUEDAR  
 BEN.

CASCADA PERIGOSA  
 XUPI  
 ISTO SI QUE É GRACIOSO.  
 DEI VOLTAS EVOLTAS SEN PARAR

SERVICIO MUNICIPAL DE AUGAS  
 SON ABSORVIDA

IGREXA  
 BAR TENDA  
 QUE SÍTIO TAN RARO  
 LONDE IREI PARAR!


AQUÍ CHEIRA MOI MAL. VOU INTOXICAR.  
 !!NON SOBREVIVIREI!!

BUAF, QUE MAL CHEIRA. MANAÍNA.  
 ESES MUTANTES MARRONS QUÉRENME CONER

POR FIN CHEGUEI  
 Ó MAR ¡SALVEIME!

JA, JA, JA...  
 DEIXEINOS FORA DE COMBATE.  
 PERO... BUAF. QUE CALOR VAI AQUI.  
 ISTO NON HAZ QUEN O AGUANTE.

DESINTEGROME  
 EVAPÓROME  
 VOLVO PARA O CEO  
 AMIGUIÑOS ESTE É O DERRADEIRO. FIN.




## VISITA Á EXPOSICIÓN DE ANIMAIS MARIÑOS E ARTES DE PESCA

Na exposición de animais mariños e artes de pesca do Instituto Sánchez Cantón de Pontevedra, podíanse ver variados peixes das nosas costas e de todo o mundo.

Os peixes estaban conservados en vidrios. Nesta sección o peixe voador e a mandíbula dun tiburón foron os que máis me chamaron a atención.

Tamén había anzois moi variados, moi variados, dependendo do peixe que se quixera pescar, como por exemplo: luras, potas, calamares, xibias, chocos, chipiróns...




As áncoras estaban feitas a man con madeira e pedra. Gustoume moito a visita á exposición e aprendín moito con ela.

Noutra sección vimos artes de pesca como o voiturón para a pesca da lamprea.

Os moluscos eran grandes e con moitas patas e dunhas cores moi claras e nas patas tiñan peliños.

Os cangrexos tiñan unhas patas moi resistentes e moi cortantes.




Miguel Pérez Justo 5º B

Miguel Pérez Justo

# VISITA Á EXPOSICIÓN

## "OS MÁIS RAROS INSECTOS DO MUNDO"



A ciencia que estudia os insectos é a Entomoloxía. A exposición tiña unhas características que imos citar:

- ◆ Os insectos polos que estaba formada a exposición estaban disecados, pero ningún deles pintado ou varnizado.
- ◆ Algúns deles, mediante un mecanismo, tiñan movemento.
- ◆ As urnas nas que estaban espostas os insectos, estaban decoradas de modo que atraen ó público, ademais cada un dos insectos estaba cunha decoración de acordo coas súas características.

A colección era de Pedro Velasco, que naceu en Madrid no 1951. Gracias a él poidemos disfrutar desta maravillosa exposición de insectos.



Consigniunos viaxando polas selvas amazónicas, tamén, intercambiando insectos con Europa e América. A súa colección consta de máis de 45.000 exemplares, reunidos en 30 anos de traballo e teñen un valor científico incalculable.

O día que fomos cara a exposición organizada pola Caixa de Madrid foi un xoves de Xaneiro, saímos desde o colexio os alumnos da clase de 6ºB, que vimos diferentes insectos:


- ◆ Insectos xoia: De asombrosos cores e formas. A nós parecerónnos moi raros e belos e ademais nunca os viramos.
- ◆ Titáns e colosos: Escaravellos enormes, algúns dos trópicos e da Africa Ecuatorial. Eran escarabалlos alucinantes, porque tiñan formas moi raras.
- ◆ Bolboretas metalizadas: De cores metalizados. O seu colorido é debido ás escamas das súas ás que reflecten a luz. Parecíannos preciosas porque non semellaban ser de verdade, máis ben dibuxos feitos por un pintor.
- ◆ Raiñas da noite: Bolboretas diferentes, pero con algo en común: eran nocturnas. Na escuridade brillan. Parecíannos moi diferentes entre elas sen nada en común.
- ◆ Paletas de pintor: Parecían ser pintadas nun cadro. Para nós era algo alucinante velas todas xuntas porque parecían un estuche con pinturas.
- ◆ Traxes de camuflaxe: Insectos moi raros, difíciles de recoñece. Para nós eran moi interesante porque cada insecto estaba ó lado do sitio onde se camuflaba normalmente e así podía-se ve-la efectividade da súa camuflaxe.
- ◆ Colas de andoriña: Caracterizábanse por un alargamento das ás inferiores en forma de colas. A nós parecíannos moi raros porque aquí non vimos ningunha bolboreta parecida ás que neste grupo se mostraban.
- ◆ Xigantes da súa especie: Existían bastante na Era Terciaria. Parecíannos fantásticos e sentimos que estean extinguidos, pareceríanos unha boa medida intentar que estes que quedan agora non se extinguesen, e os que se extinguiron recordalos e saber como eran.
- ◆ Ameazas finxidas: Parecen perigosos, para espanta-los seus inimigos, pero que non o son. É verdaderamente fascinante saber que teñen a forma doutro animal ou unha forma ameazante e que non poidan face-lo que aparentan.
- ◆ Varrendeiros de "luxe": Porque viven no esterco e reciclan vasura. O máis raro é ver que hai algúns escaravellos que non son negros.



Traxes de camuflaxe.



Variandoiros «de luxo».




Insectos xois.




Traxes de gasa e encaixe.

# Recordos dunha Exposición.


Ligantes para a súa especie.



Con coróné de identidade.




Armaduras acorazadas.



Insecto - pao.

Deseños de fantasía.

Denis Calle Pascal 2ª A





- ◆ De gasa e encaixe: Ó velos dábaste conta de que parecían obras de arte feitas de seda, gasa, encaixes etc... A nós parecerónnos uns insectos que semellaban non seren reais.
- ◆ Bolboretas de "ás de paxaro": Podíanse encontrar bolboretas diurnas xigantes de Australia. Hoxe en día todas elas son especies protexidas. Era fascinante velas sabendo que quedan poucas no mundo.
- ◆ Viaxeiras infatigables: Bolboretas que entre elas tiñan algo en común, que cruzaban oceanos, cadeas montañosas, etc... É curiosísimo saber que uns insectos tan pequenos voan tan lonxe.
- ◆ Deseños de fantasía: Insectos de formas extravagantes ou estrañas que non parecían reais. Para nós eran uns insectos moi raros porque non víramos ningún parecido.
- ◆ Diferencia de sexo: Podíanse ver algúns atributos masculinos que son frecuentes no mundo dos insectos. Para nós era moi interesante ver aqueles atributos tan sorprendentes nos machos.
- ◆ Escaraballos longuicornios: Insectos que tiñan antenas moi grandes. Para nós era verdaderamente bonito ver aqueles insectos, e fixarse despois que tiñan unhas antenas máis grandes que eles.
- ◆ Armaduras acourazadas: Un grupo de "escaravellos blindados", cun duro caparazón para a súa protección. Era para nós moi interesante velos, e a ver se algún día os vemos protexéndose dos seus inimigos.
- ◆ Bolboretas multicolores: Insectos nos que resaltaba moito seu colorido, algúns deles eran tóxicos, aunque non todos. A nós parecíannos fascinantes, ademais de fermosos.
- ◆ Espectros diabólicos: Insectos con pugas, garfios, espiñas e demais indumentaria terrorífica. Para nós era escalofriante ver aqueles insectos con pugas.
- ◆ "Con carné de identidade": Porque na actualidade moitos insectos están en perigo de extinción, e para poder traelos dos seus países orixinarios ata esta exposición houbo que facer un etiquetado e censado de cada exemplar.


### **Especies vivas**

- ◆ Insecto-pau: É de Indonesia e con aparencia de ramiña pasa inadvertido entre as verdadeiras ramas. Son animais totalmente inofensivos.
- ◆ Bacilo espiñoso: Atópanse distribuídos en Asia tropical e Papuasía. Son seres pouco evolucionados. Teñen unha dieta vexetariana. Deféndense coas súas pugas.
- ◆ Araña comepaxaros: Tiña aspecto terrorífico, aunque non soe ser agresiva, excepto para caza--las presas vivas das que se alimenta. Son preferentemente nocturnas.
- ◆ Escorpión negro xigante: A principal diferenza que ten cos insectos é que ten 8 patas e os insectos non. Os escorpións son animais nocturnos. Soen vivir baixo pedras ou covas subterráneas. Comen presas vivas e posúen un aguillón venenoso.

Este traballo foi feito por: Telmo Calle Façal e Manuel Gómez Rodríguez de 6ºB

Firmado: Manuel Gómez Rodríguez

Telmo Calle Façal



## A BIBLIOTECA PÚBLICA NO DIA DO LIBRO

Para celebra-lo día do libro a biblioteca pública fixo unha boísima exposición.

Cando chegamos, o primeiro que nos ensinaron foi como escribían os nosos antepasados. Cada país tiña o seu tipo de escritura con signos e debuxos.

Despois empezaron a aparecer os manuscritos, que que-

rían dicir escritos a man.


Había libros incunables e fac-símiles.

Johann Gensfleisch de Gutenberg inventou a imprenta en Europa, desde entón aumentou moito a cultura.


Ensináronnos un DC interactivo mo que podías elixir co mando a distancia, por exemplo, as vidreiras dunha igrexa, parar a imaxe, agrandala e pedir datos.



Manuscritos



Incunables



Xeroglíficos

PAULA VELASCO PEDROSA 5ªA

## VISITA A UNHA PANADERIA

Esta mañá saímos do colexio para ver como funcionaba unha panadería e se facía o pan

Cando chegamos alí cheiraba moi ben e dous empregados mostráronnos como se facía a masa, para elo utilizan unhas máquinas que teñen dous brazos de ferro que se movían coma os brazos dunha persoa, estes brazos amasaban.

Despois deixáronnos facer un bolo de pan, que deixamos alí para que se cocese e máis tarde truxéronnolo á clase.

Cando cheguei á miña casa co bolo, meus pais quedaron admirados do que fixera, e comémolo todo.

Gustoume moito a excursión, pois ver como se fai o pan é moi interesante, con só auga, levadura, sal e fariña faise un dos alimentos máis necesarios para as persoas.

Eduardo Artime Rial - 3ªB.



## OBSERVATORIO DA NATUREZA NA SIRADELLA. O GROVE

O mércores, 13 de maio, fomos de excursión ó Grove. Vimos nunha exposición, esqueletos de golfiños, parte dunha balea que a pesar de ser un cachorro medía 8 metros, unha maqueta de batea, que ata tiña o "morto" ou peso, planos, fotos, cunchas...

Pasamos á aula, alí vimos como se producían as mareas, puxéronnos diapositivas de algas, dunas, peixes e paxaros da zona. Explicárono todo moi ben.

Subimos ó Mirador da Siradella desde onde víamos: illa Sálvora, Cíes, Ons, A Toxa, Arousa, a praia da Lanzada, a costa da Coruña; todo desde


unhas rochas inquedantes, que puñan medo,

Despois de xogar un pouco nos bambáns de troncos feitos, baixamos á praia da Mexilloeira e examinámo-las algas: verdello, fucacias, leitu-ga de mar, correas..., e animais como as anémonas de mar, ourizos, estrelas, actinias...


As nenas foron ver na lagoa de Bodeira, con prismáticos e catalexos as aves que inda non emigraran: ánades, araos, fochcas, galiñas de río, patos...

Pasámolo moi ben, cantamos no autobús e chegamos contentos ás dúas ó colexio, pensando en volver e colle-lo barco de fondo transparente para ver mellor as maravillas da natureza da nosa terra.

Mario Paula M<sup>a</sup> de los Angeles Santiago Jorge 5<sup>o</sup>A



MARIO PRADO FREIJOMIL 5<sup>o</sup>A




## FUTBOL DE PRIMEIRA



### DEPORTIVO DE A CORUÑA


Nome: Real Club Deportivo de A Coruña.  
 Fundación: 1904.  
 Socios: 23.500.  
 Presidente: Augusto César Lendoiro.  
 Presuposto: 1985 millóns.  
 Patrocinador: Feiraco.  
 Prove dor: Umbro.



AFORO: 28.956


Liaño
Elduayen
Canales
Lopez Rekarte
Villarroya
Djukic
Ribera
Voro
Paco
Nando
Donato

Mauro Silva
Aldana
Alfredo
José Ramón
Fran
Pedro Riesco
Manjarín
Claudio
Bebeto
Julio Salinas
Kostadinov



### PONTEVEDRA

Nome: Pontevedra C. F.  
 Socios: 2.000  
 Presidente: Xosé Ramón Crespo  
 Presuposto: 47 millóns  
 Patrocinador: Celso Miguez  
 Prove dor: Zico




Lino  
 Pablo Vázquez  
 Mendigán  
 Evaristo  
 Mariño  
 Juan  
 Andriano  
 Blanco  
 Carreira  
 Couto  
 Canabal

Moncho  
 Nedi  
 Ramón  
 Isrrael  
 Vera  
 Juancho  
 Mauro  
 Ochoa

J. CAMPELO, Luis Tugue

Felix Rodriguez

J. (signature)



BRUXCO

FUSA  
PA  
VVI

Kaly

J. C. L.

## DEPORTES

Crónica.Campolongo, 10 xuño



Ó longo do curso participamos en xornadas deportivas, convivindo e compartindo con atletas de toda a provincia.

Celebráronse en cadanseu sábado tres cross escolares. O primeiro foi participativo, con máis de 50 nenas e nenos. Os outros dous tiveron carácter clasificatorio zonal. Nestes últimos o equipo alevín feminino de Campolongo quedou en 5ª posición, entre 16 equipos participantes.

En alevín masculino quedamos en décimo lugar, entre 14 equipos participantes.

En infantil homes, o equipo de Campolongo quedou en 2ª posición, entre 11 equipos que competían. Campolongo B quedou de sexto e Campolongo C acadou o sétimo lugar.

En infantil mulleres fómo-las segundas, competindo con 12 equipos.

O equipo infantil masculino pasou á final provincial, celebrada o 28-I-95 en Tui.

O C.P. Campolongo participou tamén en 11 xornadas de campionatos escolares, celebrados en diferentes sábados con éxito notable. Clasificamos 6 nenos infantís para a final provincial e tres atletas alevíns. A final infantil celebrouse en Pontevedra e a final alevín en Vigo. Pasaron á finalísima galega dous compañeiros.

Nestas competicións participaron colexios, asociacións deportivas, asociacións de pais de alumnos... de toda Galicia con máis de 100 atletas competindo e, sobre todo, convivindo.

Paula Martínez  
Tamara Gómez  
Leandro Castellano

## BALONMÁN GALEGO

### TEUCRO:

Esta tempada resultou a mellor da súa historia. Codeouse co Elgorriaga, Barcelona e o Teca

Clasificouse para xogar a Copa EHF por primeira vez nos seus 50 anos.

Con baixo presuposto, tivo unha triplete de estranxeiros que realizaron unha boa campaña.

### PILOTES POSADA, Academia Octavio:

Equipo revelación da tempada.

Foi o equipo máis goleador e o máis goleado.


Os seus máximos estandartes son os irmáns Rubiño, Zoran Mikulic e Xabier Valenzuela.

### Frigorícos do Morrazo ; CANGAS:

Recen ascendido á División de Honor tras vencer ó Ademar León.


É un equipo de canteira, é dicir, que os seus xogadores proceden dos seus equipos inferiores. J. ERPELO, Luis Xirau, Felix Rodriguez

J. Calvo



## A DOCTRINA

DO MEU CARTAFOL. 1986



Un mariñeiro ía casar,  
e foi aprende-la doutrina  
á casa do señor abade.



¿Cantas cousas  
precisa un home  
para salvarse?  
preguntoulle o  
abade.



Tres, respondeulle  
o mariñeiro: mar calma,  
terra preto e saber nadar.

M. TORRES

## SOPA DE LETRAS

BUSCA  
O NOME  
DE  
SETE  
ANIMAIS

B	O	L	B	O	R	E	T	A	F
L	Ñ	S	A	L	T	O	N	F	O
R	O	T	N	V	S	Q	H	I	R
C	V	Z	L	R	X	R	V	K	M
A	E	X	F	R	C	A	N	S	I
B	L	G	L	O	Ñ	T	A	H	G
L	L	I	A	G	R	O	L	L	A
C	A	N	G	R	E	X	O	H	B

David GUPÍN DÍAZ 30B



## TELE-PROGRAMA

"CITA COA VIDA".-Clase de Ciencias Naturais con Dona Manolita.  
" O QUE NECESITAS É AMOR".- Don Xosé Antonio.  
"¿QUE APOSTAMOS?".-Pulsos de oitavo.  
"OS LADRÓNS VAN A OFICINA".- Roubo dos microscopios.  
"VALOR E CORAXE".-Hora de da-la lección.  
"PEPA E PEPE".- Os Balea.  
"TELEXORNAL".- Mestre de Galego.  
"O MENÚ CON ARGUIÑANO".-M<sup>a</sup> Teresa Blanco (5<sup>a</sup>A)  
"MANIOTAS DE COR DE ROSA".- Clase de Ximnasia con D. Luis.  
"O DÍA DESPÓIS". As notas.  
"COUSAS DE CASA" .- Os deberes.  
"PASEO POLA VIDA".- Clases de Historia con Dom Balea  
"TARDES CON MARÍA TERESA".-BLANCO  
"VILA ARRIBA E VILA ABAIXO".-Primeira e Segunda Etapa.  
"OS 40 PRINCIPAIS".- Chapóns do colexio.  
"O + PLUS".- Clases de "Mate"  
"CARTELEIRA".- As notas.  
"SALVADOS POLA CAMPÁ".- Hora de comer.  
"O GRAN CIRCO DE TELE CINCO".- O recreo  
"SESIÓN DE TARDE".- Reunións dos Mestres.  
" A TODA PÁXINA".- Os libros ó final de curso.  
"THAT'S ENGLISH".- Don Xosé Antonio.

8<sup>a</sup>A Ana Camaño Ogando  
Bárbara Domínguez Cordero  
Olalla Buceta Serrano

## OS CHISTOSOS DE TERCEIRO

-¿En qué se semella un mestre a un termómetro?

- En que cando marca 0 todos treman.

-¿En que se semella un elefante a unha cama?

- En que o elefante é paquidermo e a cama é paquidurmas.

Iago García-Alén 3<sup>a</sup>A.

-Xoán, ¿sabes por quen vou votar eu este ano?

- Non sei.

- Polo P.P.D.D.¿sabes o que significa?

- Non.

- Partido Partidario Descanso Diario.

Enrique Nieto, 3<sup>a</sup>C

## PUBLICIDADE

!Lea "O GANSO" É ría sen descanso.

!"O CANGURO" Compañía de Seguros.

!BICICLETAS "A TONTA", só cae o que as monta.


Ruth Quintas. 3<sup>a</sup>A

Unha bucina,  
dúas ventás  
de parabrisas,  
e os parachoques dos croques  
enriba de todo está.

adiviña.....

(cara e)

Iago Pena V. 3<sup>a</sup>A



Alfonso - Sánchez - Andrés  
 Paulo - González - Ojando  
 Rafael - Iglesias - Gutiérrez.

- |  |  |
|--|--|
| A: Festa do outono en Galicia. Contracción.              | 1: Determinante posesivo. Saír, vir de.                            |
| B: Pronome.  | 2: Adverbio de lugar.  |
| C: Interxección. Conxunto de ondas.                      | 3: Canción popular.  |
| D: Curso do instituto. Determinante.                     | 4: Determinante. Conxunción.                                       |
| E: De si mesmo.  | 5: Época do ano.   |
| F: Parte do corpo. Individuo.                            | 6: Tonalidade da voz. Lazo ou contracción.                         |
| G: Baile. Determinante.                                  | 7: Atopar.   |
| H: Persoa que ten un fillo. Persoa que non ten traballo. | 8: Contracción. Interxección.                                      |
| I: Contracción.  | 9: Adverbio de tempo. Femia do marrán.                             |
| L: Estómagos.  | 10: Franqueo que se pon nas cartas (do revés). Parte do esquelete. |

### BOTA CONTAS E .... ¡A TRABALLAR!

Se algunha vez estás cansa ou canso, recorda o que vas ler.

O ano ten 365 días de 24 horas, 12 delas están adicadas á noite e suman 182 días. Quedan, pois, 183 días hábiles. Réstalle 52 domingos e quedan 131 días: menos 52 sábados e quedan 79 días de traballo. Pero hai 4 horas diarias adicadas á comida, que suman 60 días máis. Quedan só entón 19 días adicados ó traballo. Aínda que teñas soamente 15 días de vacacións, quédanche 4 días para traballar, menos 3 que utilizas ó ano por enfermidade ou asuntos particulares. Quédache, pois, un día de curre, que é precisamente o Día do Traballo, declarado festivo.

¿De que estás canso? ¿No será de tanto descanso? ¡Menos maula e... a traballar, tío!

- Xaimito ¿ Que vas ser cando sexas maior?
- Carniceiro
- ¿Por que carnicero?
- Porque xa aprendín na escola a facer chuletas.



# TOPONIMIA "SHOW"

No recorrido polas rúas e prazas de Pontevedra tamén nos divertimos, ¿Como? Sigue lendo e trata de contestar:

## ¿CAL É A RÚA....

- 1... máis soleada?
- 2...dos deterxentes?
- 3...máis perecedeira?
- 4...máis guai?
- 5...máis divertida?
- 6...máis sufrida?
- 7...máis ecolóxica?
- 8...máis inundada?
- 9...máis aceitosa?
- 10...dos indios?
- 11...dos casamentos?
- 12...do infinitivo?
- 13... real gañadora?
- 14...do saúdo prógre?
- 15...das matemáticas ecolóxicas?
- 16...dos viños?
- 17...dos valentes?
- 18...máis cara?
- 19...da confesión?
- 20...dos telescopios?
- 21...máis arquitectónica?
- 22...máis selvática?
- 23...máis viaxeira?
- 24...máis turística?
- 25...máis anxelical?
- 26...máis vaqueira?
- 27...máis humanitaria?
- 28...máis folclórica?
- 29...do revés?
- 30...máis cortante?
- 31...máis quente?
- 32...do terror?
- 33...máis conquistadora?
- 34...máis cegata?
- 35...dos xordos?
- 36...da comida campestre?
- 37...dos ecoloxistas?
- 38...das cartas?

## SON OS XARDÍNS....

- 1...Vin cen ?!!? (Vincer!!)
- 2...Casto San Pedro.

## SON AS RÚAS...

- 1...A gusto G. Bésada (Augusto G. Bésada)
- 2...Fernández Ladrada, Costa de S. Roque.
- 3...Afonso XIII - Fernando III.
- 4...Isabel II - Fernando III.
- 5...Fernando II, Isabel II.

## ¿CAL É A PRAZA....

- 1...máis perigosa?
- 2...máis adelgazante?
- 3...das borracheiras pasionais'
- 4...máis alta?
- 5...máis legal?
- 6...da Cabalería Andante?
- 7...do animal listo?
- 8...que non ten un pelo de tonta?

## ¿CALES SON OS XARDÍNS...

- 1...que máis viches?
- 2...máis santos?

## ¿CALES SON AS RÚAS....

- 1...máis cariñosas?
- 2...dos cans?
- 3...das goleadas?
- 4...das colas?
- 5...das discusións na Seguridade Social?

## É A PRAZA...

- 1...da Leña.
- 2...da Verdura.
- 3...Bar celos (Barcelos)
- 4...Campo da Torre.
- 5...da Constitución.
- 6...V. García, Escudero (Valentín G. E.)
- 7...Can pillo (Campiño)
- 8...Calvo Sotelo.



# É A RÚA....

- 1... Salvador Moreno.
- 2... Paseo Colón.
- 3... Se gasta (Sagasta).
- 4... Xeneral Mola.
- 5... Ri esta (Riestra).
- 6... Sopodists.
- 7... Mtnz. Villa verde (Villaverde)
- 8... da Barca.
- 9... da Oliva.
- 10... do Arco.
- 11... S. Antonio.
- 12... Arcebispo Malvar.
- 13... Rainha Victoria.
- 14... Marquesea (Marquesa).
- 15... División Azul.
- 16... Blanco Porto.
- 17... Fernando o medo (Fernando Omedo)
- 18... Xaquín Costa.
- 19... Padre Sar, miento (P. Sarmiento).
- 20... Altamira.
- 21... Alexandre Bóveda.
- 22... Monte León.
- 23... Peregrina.
- 24... Sol lucía (Sor Lucía).
- 25... Blanco Amor.
- 26... Paco Lois.
- 27... Cruz Vermella.
- 28... Padre Gaita (Gaité).
- 29... S. Román.
- 30... Serra.
- 31... S. Termo (Telmo).
- 32... Le espanto (Lepanto).
- 33... Jofre de Tenorio.
- 34... Casi miro, Gómez (Casimiro G.)
- 35... San Ro? que?
- 36... Leiras Pulpeiro.
- 37... Amado Carballo.
- 38... Dani el de la Sota (Daniel de la S.)

## DESCUBRE A MENSAXE SECRETA.

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31	32	33	34	35
36	37	38	39	40	41	42

- QUINTA NOTA DA ESCALA MUSICAL
- BRANDO, FLEXIBLE
- MERCADO Ó AIRE LIBRE CON POSTOS
- MACHO DA GALIÑA
- CAN DE CARREIRAS NOI LIXEIRO
- PRODUCTO LÁCTEO SÓLIDO
- QUINTO MES DO ANO
- ARTIGO FENININO
- DECINOCUARTA LETRA DO ALFABETO
- POSESIVO DA PRIMEIRA PERSOA
- FROITO DA PEREIRA

Sonia Rivero Cabeiro  
 Noemi Quintas Rodríguez  
 Mónica Rodríguez Cordo  
 Mª Carmen Pintos Pavón

MENSAXE DESCUBERTA : \_\_\_\_\_

¿PRACTICALA? \_\_\_\_\_ ¿POR QUE? \_\_\_\_\_



